



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 374
19 de outubro de 2018

Fascículo 3



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

I 38843 (10/PPL-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde [126322](#)

I 38857 (10/PPL-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de memoria histórica democrática de Galicia [126333](#)

I 38858 (10/PPL-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia [126400](#)

I 39019 (10/PPL-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de Lei de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia [126427](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

Retirada iniciativa en comisión

I 37670 (10/PNC-003026)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade [126315](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 36829 (10/PNC-002967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento do inicio da redacción do proxecto de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade do tramo da estrada N-551, na intersección da N-550 e a ponte internacional de Tui, así como a posta en valor desa ponte de acordo co seu carácter patrimonial e cultural

[126315](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 17411 (10/PNC-001446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración co Ceaga, dunha revisión do Plan estratéxico da automoción, no referido ás circunstancias vinculadas ás novas dinámicas que afectan o sector

[126316](#)

I 36415 (10/PNC-002923)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación e redacción que presenta o Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

[126316](#)

I 36433 (10/PNC-002926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, así como as actuacións que debe levar a cabo para impulsar o autoconsumo e a autoxeración de enerxía en Galicia

[126316](#)

I 36456 (10/PNC-002929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a posición que debe manter a Xunta de Galicia en relación coa solicitude de modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a construción dun centro comercial

[126317](#)

I 36654 (10/PNC-002935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da creación dunha mesa de negociación para tratar a concreción e os prazos de adaptación da central térmica de Meirama aos requisitos exixidos na Directiva de emisións industriais, así como a constitución dun grupo de traballo para a transición enerxética, para definir e deseñar a planificación para o modelo galego que se debe aplicar na vindeira década

[126317](#)

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO**Retirada iniciativa en comisión****I 36299 (10/PNC-002910)****Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas reclamacións e solicitudes de permiso de explotación para o marisqueo a pé presentadas en Noia para a presente campaña e pendentes de resolución [126317](#)

Aprobación sen modificacións**I 36696 (10/PNC-002946)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda ao Goberno central da realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do *stock* de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte, así como a negociación e adopción de medidas de xestión que permitan estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito [126317](#)

Aprobación por unanimidade con modificacións**I 26842 (10/PNC-002070)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos procedentes do mar e o incremento do seu valor engadido, así como co financiamento e expansión internacional das empresas que se dedican á súa elaboración [126318](#)

I 33624 (10/PNC-002751)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito [126318](#)

I 34729 (10/PNC-002821)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o furtivismo nas praias [126319](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións**I 32168 (10/PNC-002619)****Grupo Parlamentario de En Marea****Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso da cidadanía a toda a información dispoñible referida á xestión de Portos de Galicia, así como a garantía do mantemento dun alto nivel de transparencia por todas as institucións públicas de Galicia, permitindo a súa rendición de contas [126319](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 31331 (10/PNC-002530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, de acordo coa Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020, en relación coas enfermidades profesionais das redeiras e mariscadoras, así como cos índices de incidencia dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais na pesca [126320](#)

I 32710 (10/PNC-002673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno na Lei 6/2017, de portos de Galicia, para eximir os concellos e entidades sen ánimo de lucro do pagamento de taxas pola realización de actividades nos espazos do dominio público portuario, así como as que debe levar a cabo no seu réxime sancionador [126320](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

I 38943 (10/PPP-000085)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. Conselleiro de Industria, por petición do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña [126436](#)

I 39011 (10/PPP-000086)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos [126437](#)

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

I 38942 (10/CPC-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Industria, por petición do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña [126438](#)

I 38956 (10/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para trasladar informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG [126439](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 38843 (10/PPL-000027)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 38857 (10/PPL-000028)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei de memoria histórica democrática de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 38858 (10/PPL-000029)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite

- 39019 (10/PPL-000030)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de Lei de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

A Mesa toma coñecemento da referida iniciativa e, dado que vén presentada nos termos previstos no artigo 122 do Regulamento da Cámara, acorda:

1º. Admitir a trámite a devandita proposición de lei.

2º. Dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que emita o informe previsto no Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 do Regulamento.

3º. Ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO

A Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na súa sesión do 18 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 37670 (10/PNC-003026)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre a demanda do Goberno galego ao Ministerio de Transición Ecolóxica da realización das modificacións oportunas para posibilitar o ofrecemento do bono social por todas as empresas comercializadoras de electricidade

BOPG nº 365, do 03.10.2018

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 36829 (10/PNC-002967)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e seis deputados/as máis

Sobre a demanda pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Fomento do inicio da redacción do proxecto de mellora da seguridade viaria e da accesibilidade do tramo da estrada N-551, na intersección da N-550 e a ponte internacional de Tui, así como a posta en valor desa ponte de acordo co seu carácter patrimonial e cultural

BOPG nº 362, do 26.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Ministerio de Fomento co fin de solicitarlle que inicie o antes posible a redacción do proxecto de mellora da seguridade viaria e accesibilidade do tramo da N-551 na intersección da N-550 e a ponte internacional de Tui, así como a adecuación da ponte ao seu valor patrimonial e cultural.

Así mesmo, acórdase instar a Xunta de Galicia a acelerar o cumprimento do acordo unánime da Comisión 2ª, de Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 18 de xaneiro de 2018, respecto das actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para mellorar a seguridade viaria do Camiño Portugués.»

Rexeitamento da iniciativa

- 17411 (10/PNC-001446)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e Pérez Seco, José Manuel

Sobre a posta en marcha pola Xunta de Galicia, en colaboración co Ceaga, dunha revisión do Plan estratéxico da automoción, no referido ás circunstancias vinculadas ás novas dinámicas que afectan o sector

BOPG nº 188, do 06.10.2017

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 36415 (10/PNC-002923)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa aplicación e redacción que presenta o Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación separada por alíneas:

Alínea 1: resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Alínea 2 (texto resolutivo), alínea 2 bis) (emenda do G.P. do BNG) e alínea 3 (emenda do G.P. do BNG): resultan rexeitadas por 3 votos a favor, 7 votos en contra e 2 abstencións.

- 36433 (10/PNC-002926)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre a demanda que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co Real decreto 900/2015, así como as actuacións que debe levar a cabo para impulsar o autoconsumo e a autoxeración de enerxía en Galicia

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 36456 (10/PNC-002929)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Losada Álvarez, Abel Fermín e tres deputados/as máis

Sobre a posición que debe manter a Xunta de Galicia en relación coa solicitude de modificación puntual do planeamento urbanístico na parroquia de Tameiga, no concello de Mos, para a construción dun centro comercial

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 36654 (10/PNC-002935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre o impulso polo Goberno galego da creación dunha mesa de negociación para tratar a concreción e os prazos de adaptación da central térmica de Meirama aos requisitos exixidos na Directiva de emisións industriais, así como a constitución dun grupo de traballo para a transición enerxética, para definir e deseñar a planificación para o modelo galego que se debe aplicar na vindeira década

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, na súa sesión do 18 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Retirada iniciativa en comisión

- 36299 (10/PNC-002910)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coas reclamacións e solicitudes de permiso de explotación para o marisqueo a pé presentadas en Noia para a presente campaña e pendentas de resolución

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Aprobación sen modificacións

- 36696 (10/PNC-002946)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis

Sobre a demanda ao Goberno central da realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do *stock* de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte, así como a negociación e adopción de medidas de xestión que permitan estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito

BOPG nº 358, do 19.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 9 votos a favor, 0 votos en contra e 3 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para:

1. A realización de estudos que conduzan a acreditar, diante de ICES e ICCAT, o bo estado do *stock* de bonito do norte e, conseguintemente, a un aumento do TAC asignado a esta especie no Atlántico norte.
2. A negociación e adopción de medidas de xestión que permitan, no marco disposto por ICCAT e da normativa europea sobre TAC e cotas, poder estender a duración da campaña e a rendibilidade económica da campaña do bonito.»

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 26842 (10/PNC-002070)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa comercialización dos produtos procedentes do mar e o incremento do seu valor engadido, así como co financiamento e expansión internacional das empresas que se dedican á súa elaboración

BOPG nº 272, do 07.03.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a elaborar un programa concreto de apoio á comercialización de produtos procedentes do mar, tanto no ámbito estatal como no internacional, dotándoo coa contía orzamentaria suficiente para executalo na súa totalidade.»

- 33624 (10/PNC-002751)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións do Goberno galego relacionadas co peche da pesqueira da sardiña para a frota do xeito

BOPG nº 342, do 27.07.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a, de persistir a prohibición de pescar sardiña para a frota de xeito e racú, establecer liñas de axudas, para garantir o mantemento de rendas, especialmente para os mariñeiros que non teñen ningunha outra alternativa, mais tamén para evitar a sobreexplotación doutros recursos pesqueiros.»

- 34729 (10/PNC-002821)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e cinco deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para evitar o furtivismo nas praias

BOPG nº 350, do 03.09.2018

Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

– Continuar desenvolvendo no futuro campañas de concienciación para dar visibilidade á problemática do «furtivismo de bañador» e rematar así cos problemas que durante os veráns suceden en Galicia cos turistas que desfrutan as súas vacacións nos nosos areais.

– Dotar de máis medios públicos propios de control e vixilancia das praias para evitar todo tipo de furtivismo, creando una partida, no vindeiro orzamento, con este obxectivo.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 32168 (10/PNC-002619)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co acceso da cidadanía a toda a información dispoñible referida á xestión de Portos de Galicia, así como a garantía do mantemento dun alto nivel de transparencia por todas as institución públicas de Galicia, permitindo a súa rendición de contas

BOPG nº 323, do 20.06.2018

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Transmitir a Portos de Galicia a necesidade de que toda a información dispoñible sobre a xestión da institución se atope ao servizo da cidadanía e conte cun acceso fácil e rápido.
2. Garantir que todas as institucións públicas de Galicia manteñan un alto nivel de transparencia, permitindo a rendición de contas.
3. Exixir a Portos de Galicia a publicación de todos os informes de xestión que non están publicados na súa páxina web coa maior brevidade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 31331 (10/PNC-002530)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego, de acordo coa Estratexia galega de seguridade e saúde no traballo 2017-2020, en relación coas enfermidades profesionais das redeiras e mariscadoras, así como cos índices de incidencia dos accidentes laborais e das enfermidades profesionais na pesca

BOPG nº 312, do 30.05.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 32710 (10/PNC-002673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno na Lei 6/2017, de portos de Galicia, para eximir os concellos e entidades sen ánimo de lucro do pagamento de taxas pola realización de actividades nos espazos do dominio público portuario, así como as que debe levar a cabo no seu réxime sancionador

BOPG nº 329, do 29.06.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de outubro de 2018, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 38943 (10/PPP-000085)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. Conselleiro de Industria, por petición do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña

- 39011 (10/PPP-000086)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria, por petición propia, para informar sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 38942 (10/CPC-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do Sr. conselleiro de Industria, por petición do Grupo Parlamentario de En Marea, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Admisión a trámite, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 38956 (10/CPC-000079)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para trasladar informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2018

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.**

ANTECEDENTES

- Constitución Española.
- Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 14/1986 de 25 de abril, xeral de sanidade.
- Lei 8/2008 de saúde de Galicia.
- Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos
servizos de saúde.
- Decreto 206/2005 de 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A presente proposición de lei, ten como obxectivo principal establecer unha regulación transparente en canto ao sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, resolvendo a situación previa que deixaba marxe á discrecionalidade da Consellería de Sanidade na capacidade de decisión respecto dos órganos, baremos e sistemas aplicables a elección de postos de dirección. Estes resultan totalmente esenciais para ser garantes para un axeitado funcionamento do noso sistema sanitario e deben estar fundamentados en criterios obxectivos.

Unha das novidades que se inclúen, é a regulación dun sistema de creación e elección dun órgano colexiado, encargado de levar a cabo os procedementos de provisión de ditos postos. Este procedemento, pretende dotarse dun contido normativo concreto, que vele polo cumprimento dos principios de transparencia, eficacia, seguridade e defensa do carácter público do Sistema Galego de Saúde na procura da máxima calidade do mesmo.

Para levar a cabo este obxectivo, pretendese atopar un equilibrio na elección da comisión encargada da avaliación para os postos de xefatura e coordinación, establecendo un mecanismo garante do mandato normativo, na necesidade de que sexa persoal estatutario fixo e especialista na materia obxecto de avaliación. Dentro do cumprimento destes requisitos, as persoas que formen parte da mesma, elixiranse por criterios técnicos e profesionais e serán escollidas por sorteo, evitando influencias non desexadas que varíen en función de posibles criterios de orientación política, ou calquera outro de índole persoal ou subxectiva.

Ademais, en relación a este procedemento, establécense novos requisitos adaptados a demandas sociais, como a obrigatoriedade de garantir paridade de xénero nas persoas designadas ou evitar que poidan concorrer, tanto para formar



parte da comisión como para os postos que se regulan, persoas con conflitos de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que se opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

A incompatibilidade por conflito de interese, ven dada debido a especial responsabilidade dos postos de xefaturas e coordinacións no Sistema Sanitario Público, a xestión dos datos sanitarios das e dos doentes das Áreas e a súa necesaria implicación na xestión das listas de agarda, a dedicación exclusiva ao Sistema Sanitario Público é unha condición ineludible para acceder a ditos postos, coa fin de evitar conflitos de interese na xestión.

A necesidade de mellorar a calidade e a eficiencia no Servizo Galego de Saúde fica ineludiblemente ligada á promoción das e dos mellores profesionais capaces de organizar e dirixir o traballo nos distintos servizos. A aplicación de criterios obxectivos favorece este principio, fomenta o desenvolvemento profesional, favorece a transparencia e a democracia e mellora polo tanto a equidade dentro do sistema sanitario público.

Por todo o anterior preséntase a seguinte Proposición de Lei:

CAPITULO I. OBXECTO, ÁMBITO E PRINCIPIOS XERAIS.

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto da presente norma, establecer as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde así como o seu réxime de incompatibilidades.

Artigo 2.- Ámbito de aplicación.

Esta norma será de aplicación a todos os postos que asuman funcións de xefatura e coordinación no Servizo Galego de Saúde.

Artigo 3.- Principios Xerais.

As bases para o procedemento de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, rexeranse polos seguintes principios:

- O sometemento pleno á Lei e ao Dereito.
- A igualdade, mérito, capacidade e publicidade.
- A eficacia, imparcialidade, obxectividade e transparencia dos órganos responsables da selección e provisión.

CAPITULO II. ÓRGANOS DE PROVISIÓN E AVALIACIÓN

Artigo 4.- Réxime xeral.

Os procesos para a provisión dos postos, serán realizados por órganos colexiados, nos que as persoas que formen parte dos mesmos deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade.

Estarán compostos por un mínimo de cinco persoas, debendo designarse o mesmo número de titulares que de suplentes, garantindo a paridade entre mulleres e homes.

As persoas que formen parte dos órganos de provisión, deberán ter a condición de persoal empregado público fixo do Servizo Galego de Saúde, nun grupo de titulación e nivel académico igual ou superior ao requirido para as prazas ofertadas.

Os cargos de libre designación non poderán formar parte destes órganos.

Non poderán formar parte destes órganos, persoas con conflitos de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

Actuarán sometidos ás normas básicas de procedemento administrativo común que regulan os órganos colexiados, así como as causas xerais de abstención e recusación, respectándose a independencia dos mesmos no exercicio das súas funcións.



A Administración poñerá á disposición destes órganos, os medios necesarios para que a súa actuación sexa realizada en cumprimento dos principios xerais mencionados no artigo 3 da presente norma.

Artigo 5.- Procedemento.

O procedemento para a provisión dos postos será mediante convocatoria de concurso de méritos, baseada na avaliación do currículo profesional e dun proxecto técnico relacionado coa xestión da unidade, que deberá ser defendido publicamente, ante o órgano encargado de levar a cabo o procedemento de provisión dos posto.

Artigo 6. A Comisión de avaliación.

A comisión de avaliación, será o órgano colexiado encargado de levar a cabo o procedemento para a provisión dos postos.

A Comisión de avaliación estará formada por cinco persoas, escollidas por sorteo, realizado pola Mesa Sectorial de Sanidade, entre o persoal que cumpra os requisitos recollidos no artigo 4. Dúas destas persoas, serán nomeadas secretaria e presidenta do tribunal a proposta da xerencia.

De non existir persoas suficientes para formar parte da comisión, deberá atenderse ao criterio de equilibrio, de tal forma que a representación da xerencia, en ningún caso poderá ser superior á unha representación do corenta por cento.

Artigo 7. Convocatoria.

A convocatoria será publicada no Diario Oficial de Galicia e deberá conter como mínimo, as seguintes mencións:

- Denominación, características, funcións e retribucións do posto.
- Requisitos para o seu desempeño.
- Documentación que deberá ser presentada para acreditar o cumprimento dos requisitos de participación.
- Prazo para a presentación da instancia e a documentación, que non poderá ser menor de 15 días.
- Órgano ante o que deberá ser dirixida a instancia e a documentación que a esta se acompañe.
- Fórmula mediante a que se resolverán os empates da puntuación total do proceso.
- Recurso administrativo que as persoas interesadas poderá interpoñer así como o prazo para facelo.
- Composición da comisión de avaliación.
- Forma na que se publicarán as relacións provisionais e definitivas de persoas admitidas no procedemento.
- Antelación coa que deberán convocarse as persoas aspirantes para a presentación e defensa do proxecto técnico.

Artigo 8. Requisitos das persoas aspirantes.

Poderán participar na convocatoria o persoal fixo que na data da súa publicación estea en situación de servizo activo no Sistema Nacional de Saúde, teña titulación académica esixible en cada caso, formación específica, nivel recoñecido e desenvolvemento profesional das funcións encomendadas para o posto de traballo.



Non poderán concorrer á convocatoria, persoas con conflito de interese no sector privado vinculado ao posto de responsabilidade ao que se opta, persoas con sentencias condenatorias por delitos contra a Administración Pública ou de corrupción nos negocios, delitos contra a saúde pública, así como aqueles que atenten contra a liberdade ou indemnidade sexual.

Artigo 9. Avaliación.

A Comisión avaliará, de conformidade co establecido na convocatoria en relación ao posto do que se trate, cun máximo de 60 puntos, os seguintes extremos:

- a) O currículo profesional das persoas aspirantes: Ata 30 puntos.

Para esta avaliación, atenderase á experiencia profesional, o compromiso co Servizo Galego de Saúde, a investigación e a formación en titulacións oficiais, que sexan indicativas dos coñecementos e aptitudes necesarias para o desempeño das funcións que ao posto corresponda.

- b) O proxecto técnico sobre a xestión da unidade: Ata 30 puntos.

O proxecto deberá incluír, un programa de obxectivos, cuantitativos e cualitativos da unidade.

Será defendido ante a comisión, nun acto público, pola orde que resulte dun sorte establecido na apertura do propio acto público.

Tras o acto público anteriormente referido, a comisión elaborará un informe razoando, axustado aos criterios de avaliación antes descritos, con asignación da puntuación diferenciada respecto dos apartados citados.

A Comisión poderá propoñer que se declare deserta a convocatoria no suposto de que ningunha das persoas aspirantes alcance 15 puntos na avaliación do proxecto técnico de xestión da unidade.

Artigo 10.- Resolución.

- a) Finalizada a valoración, publicarase na forma determinada pola convocatoria, a lista coas puntuacións distribuídas por apartados e asignadas ás persoas aspirantes. Igualmente, no caso de quedar deserta a convocatoria, será tamén publicada por resolución. Para ambos casos, abrirase un prazo non inferior a 15 días.
- b) Tras a valoración das reclamacións pola comisión Publicarase a lista coas puntuacións definitivas ou ratificación da proposta na que se declare deserta a convocatoria. As reclamacións efectuadas contra a resolución provisional, serán rexeitadas ou admitidas por medio de resolución definitiva, que será publicada na forma que determine a convocatoria.
- c) A resolución, co nomeamento da persoa aspirante, será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 11.- Avaliación para a continuidade no desempeño da xefatura.

- a) As persoas seleccionadas serán avaliadas, antes de que transcorran catro anos dende o seu nomeamento, a efectos de prorrogar o desempeño da xefatura.
- b) A estes efectos, unha comisión técnica designada conforme aos criterios establecidos nos artigos 4 e 6 da presente norma, avaliará a actividade realizada para a implantación do proxecto técnico e o cumprimento dos obxectivos tomados en consideración no proceso de selección, debendo ser aportada para dita avaliación por parte da persoa titular, unha memoria explicativa do cumprimento do proxecto técnico, así como unha proposta para o seguinte período.
- c) En todo caso, a prórroga non poderá ser ampliada por período superior ao período de catro anos polo que foron nomeadas.

CAPITULO III. DISPOSICIÓN.

Disposición transitoria

As prazas de xefatura ou coordinación que coa entrada en vigor da presente norma estivesen desempeñadas de conformidade coa normativa vixente anteriormente, seguirán reguladas por dita normativa co límite de prazo establecido nesta norma.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido na presente normal.

Disposicións finais

Primeira.- Facultase á persoa responsable da consellería competente a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta norma.

Segunda.- A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 16/10/2018 18:13:00

Luis Villares Naveira na data 16/10/2018 18:13:07



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de memoria histórica democrática de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Galiza experimentou nas primeiras décadas do século XX avances en materia social, económica, cultural e de afirmación da identidade nacional. A autoorganización do pobo galego en entidades de defensa da lingua e da cultura como as Irmandades da Fala, a loita en defensa da propiedade da terra e do progreso agrario, a creación do Seminario de Estudos Galegos, a fundación de editoriais e publicacións periódicas son algunhas das expresións desta andaina transformadora e de construción da identidade colectiva.

O proceso político iniciado en 1931 coa proclamación da II República deu paso a un período de avances políticos e sociais que culminou en xuño de 1936 coa aprobación en plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galiza. Era un tempo de esperanza, de apertura e de consolidación de proxectos de transformación e progreso da nosa Terra.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Mais este tempo de democracia, de incipiente autogoberno e de esperanza foi dramaticamente interrompido polo levantamento militar de xullo de 1936 que deu paso a unha cruenta e brutal represión ao longo dos anos da guerra e durante todo o período da Ditadura franquista. Unha persecución, illamento e eliminación de persoas por razóns políticas que para moitos xuristas e investigadores ten as características dun auténtico xenocidio. A represión foi especialmente violenta nos anos da guerra e materializouse en Galiza no asasinato de máis de 5.000 persoas e noutras múltiples formas de violencia física: encarceramentos masivos, torturas, violacións e rapado do cabelo.

A represión exerceuse con caracteres especialmente violentos e machistas contra as mulleres, tanto por razóns políticas como de parentesco. Un proceso que hai que inserir nun marco xeral de represión de xénero que convertiu a todas as mulleres en vítimas da perda de dereitos e de liberdades que se conquistaran na II República.

Nos anos da guerra e ao longo de toda a Ditadura franquista, a represión tivo outras múltiples manifestacións: depuración laboral, sancións económicas, expolio de bens, persecución ideolóxica, acoso psicolóxico, exclusión social, etc. A imposición violenta da ideoloxía, da moral, da educación e dos valores franquistas afectou a toda a sociedade e os seus efectos prolongáronse no tempo máis alá de 1975.

As institucións públicas galegas deben ter un posicionamento claro de condena do golpe de Estado do 36, da ditadura franquista e da brutal represión que sufriron miles de galegos e galegas ao longo dese terrible período histórico. Esta



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

condena debe ir acompañada do compromiso cos valores democráticos e a defensa dos dereitos humanos, nomeadamente o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e de garantías de non repetición. E para facer realidade estes propósitos cómpre desenvolver un marco legal que lle dea amparo e impulso ás necesarias políticas públicas de memoria histórica democrática.

II

Até o momento, a lexislación vixente no estado español non permitiu encarar de maneira global o coñecemento, a análise dos efectos e a superación da Ditadura franquista. Cando xa pasaron máis de 80 anos desde o inicio da represión, aínda está pendente o exercicio dunha verdadeira política da memoria histórica democrática que permita sacar á luz a verdade, facer xustiza e reparar as vítimas da violencia, do medo, do silencio e do esquecemento.

As secuelas dese longo tempo de medo e silencio seguen aínda profundamente marcadas nas familias e na sociedade. As pervivencias do rexime ditatorial seguen profundamente enraizadas en todas as estruturas do Estado e constitúen un freo para a construción dunha democracia plena. E esta realidade é unha asignatura pendente para o presente e para o futuro colectivo. Porque unha democracia digna de tal nome non se pode construír sobre o esquecemento de quen loitou por valores e ideais que hoxe celebramos. Unha democracia digna de tal nome non se pode erguer deixando sepultadas nas gavias, soterradas na foxa común do esquecemento, as persoas que foron perseguidas e asasinadas por defender a liberdade, a xustiza e os dereitos de Galiza. E unha verdadeira democracia non se pode entender tampouco desde a ocultación da verdade, desde a



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

negación da completa reparación das vítimas e desde a prohibición de facer xustiza.

Aínda que xa pasaron máis de oito décadas, non é tarde para a reparación e para a xustiza. E non é tarde para acompañar as vítimas e as familias co consolo de restaurar a verdade e a honra. No caso do Parlamento e do Goberno galego, existe ademais unha obriga clara a este respecto porque moitas persoas de ideoloxía republicana e galeguista que loitaron polo autogoberno e polo Estatuto foron obxecto de represión e persecución en forma de asasinato, cárcere, depuración e outras múltiples formas de violencia.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e se amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura, coñecida como lei de memoria histórica, aínda que supuxo un avance con respecto ao marco legal anterior, non permitiu resolver moitas das obrigas dunha auténtica política da memoria histórica democrática. Unhas das que aínda fica pendente, e que non se pode adiar por máis tempo, é a da verdadeira reparación de todas as persoas que foron xulgadas e condenadas por tribunais ilegais, impostos polos militares que se levantaron en armas contra un rexime democrático e un goberno elixido nas urnas.

Estamos nun tempo que require coraxe para encarar o pasado e sobre todo para construír un futuro baseado na defensa dos dereitos humanos, nos principios e valores da xurisprudencia internacional e nas esixencias dunha democracia verdadeira e plena. Unha democracia sen pexas do pasado, sen tabús, sen imposicións e sen medos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

III

A necesidade de políticas públicas de memoria histórica democrática emana dos principios e normas internacionais para a promoción e protección dos dereitos humanos mediante a loita contra a impunidade.

O marco xurídico que ampara esta lei confórmano entre outras as seguintes normas do dereito internacional ratificadas polo Estado español:

- Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados internacionais sobre a materia ratificados polo Estado español.
- Pacto internacional de dereitos civís e políticos.
- Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais.

A Resolución 2004/72 da comisión de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, “Conxunto de principios actualizado para a promoción e protección dos dereitos humanos mediante a loita contra a impunidade”, establece a obriga dos estados de adoptar medidas eficaces para loitar contra a impunidade e para garantir o dereito inalienábel á verdade, o dereito de lembrar e o dereito a saber.

No principio 2 (Dereito á verdade), afirmase que “cada pobo ten o dereito inalienábel a coñecer a verdade sobre os acontecementos sucedidos no pasado en relación coa perpetración de crimes aberrantes e das circunstancias e os motivos que levaron, mediante violacións sistemáticas e masivas, a perpetración deses crimes”.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

O principio 3 (Deber de recordar) establece que “O coñecemento por un pobo da historia da súa opresión forma parte do seu patrimonio e, por iso, débese conservar adoptando medidas axeitadas en aras do deber de recordar que incumbe ao Estado, para preservar os arquivos e outras probas relativas a violacións dos dereitos humanos e o dereito humanitario e para facilitar o coñecemento de tales violacións. Estas medidas deben encamiñarse a preservar do esquecemento a memoria colectiva e, en particular, evitar que xurdan teses revisionistas e negacionistas”.

Os crimes cometidos polo Estado franquista, condenado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na Resolución 39 de 12 de decembro de 1946 como fascista, están claramente definidos polo Estatuto do Tribunal de Nuremberg de 8 de agosto de 1945, como crimes contra a humanidade. Fica pois claro que se trata de crimes imprescritíbeis e debe asegurarse a súa persecución universal, polo que non pode aplicarselles a prescrición da acción penal ou da pena mediante o establecemento de leis de amnistía ou similares.

Malia que o Estado español ratificou en xuño de 1977 (3 meses antes da aprobación da Lei de amnistía) o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, e en 1979 o Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais, a realidade é que se mantén a impunidade e non se fixo nada para investigar e levar a xuízo ás persoas responsábeis dos crimes que se produciron durante a guerra civil e a Ditadura franquista.

A Asemblea Xeral da ONU, o 18 de decembro de 1992, aprobou a Declaración 47/133 sobre a Protección de todas as persoas contra as Desaparicións



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Forzadas, na que se sinala que estas desaparicións afectan aos valores máis profundos de toda sociedade, e que a súa práctica sistemática representa un crime de lesa humanidade, establecendo a obriga de investigar os casos de persoas desaparecidas “sen que o tempo transcorrido desde que se produciu a desaparición supoña obstáculo ningún”.

A Declaración sobre a protección de todas as persoas contra as desaparicións forzadas establece no seu Artigo 17.1. o seguinte: “Todo acto de desaparición forzada será considerado delito permanente mentres os seus autores continúen ocultando a sorte e o paradiro da persoa desaparecida e mentres non se esclareceron os feitos”.

A Resolución 1463 da asemblea parlamentaria do Consello de Europa de 3 de outubro de 2005, no seu punto 10.3.3. califica as desaparicións de persoas como “un crime permanente mentres os autores continúen ocultando o paradiro das persoas desaparecidas e os feitos permanezan sen aclarar” e, consecuentemente, declárase “a non aplicación da prescrición ás desaparicións forzadas”.

Na resolución da Asemblea Xeral A/RES/60/147, do 24 de outubro de 2005, “Principios e directrices básicos sobre o dereito das vítimas de violacións das normas internacionais de dereitos humanos e do dereito internacional humanitario a interpoñer recursos e obter reparacións”, recoñécese un acceso equitativo e efectivo á xustiza, a reparación axeitada, efectiva e rápida do dano sufrido; e o acceso a información pertinente sobre as violacións e mecanismos de reparación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Asemade, a asemblea parlamentaria do Consello de Europa, en sesión de 17 de marzo de 2006, amosouse preocupada polas probas existentes de violacións numerosas e graves dos dereitos humanos cometidas polo rexime franquista, e pola ausencia dunha avaliación seria dese rexime, que debería ir máis alá da retirada de símbolos da Ditadura presentes en espazos públicos e os pronunciamentos institucionais de condena do franquismo.

Nas conclusións do Comité contra a Tortura da ONU do 19 de novembro de 2009 figura a esixencia ao Goberno de España para que as “desaparicións forzadas non sexan crimes suxeitos a amnistía”. E a Convención Internacional para a Protección de Todas as Persoas contra as Desaparicións Forzadas de 2007, ratificada por España o 24 de setembro de 2009, establece no seu artigo 5º que a práctica xeneralizada e sistemática deste delito constitúe un crime contra a humanidade e, consecuentemente, resulta xuridicamente imprescritíbel e non amnistiábel.

En setembro de 2013, o grupo de traballo sobre Desaparicións Forzadas e Involuntarias da ONU emitiu un informe que expresaba preocupación polo desamparo das vítimas do franquismo e instaba ao Estado español a cumprir coa obriga de buscar as persoas desaparecidas durante a guerra civil e a ditadura franquista. O citado grupo presentou corenta e tres esixencias para reparar o que cualificou como “gravísimas negligencias” nesta materia e instar ao Estado a adoptar as medidas “lexislativas e xudiciais” para asegurar que as desaparicións forzadas non sexan crimes suxeitos a amnistía, en particular privando de todo efecto a Lei de amnistía de 1977, como xa foi recomendado por diferentes



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

organismos internacionais. Neste mesmo informe, remomendou ás diferentes administracións públicas que asignaran “os recursos de persoal, técnicos e financeiros suficientes”.

En febreiro de 2014, as Nacións Unidas fixeron público o Informe do Relator Especial sobre a promoción da verdade, da xustiza, da reparación e garantías de non repetición, Pablo de Greiff, que inclúe unha severa crítica á actuación do Estado español e un amplo apartado de Conclusións e recomendacións.

En agosto de 2015, o Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas, nas observacións finais relativas ao sexto informe periódico presentado por España sobre o cumprimento do Pacto Internacional de Dereitos civís e políticos, expresa e reitera a súa preocupación polas dificultades de “investigación das violacións de dereitos humanos do pasado, en particular, os delitos de tortura, desaparicións forzadas e execucións sumarias”. Asemade “está preocupado polas lagoas e deficiencias na regulación dos procedementos de busca, exhumación e identificación de persoas desaparecidas, en particular polo feito de que a localización e identificación das persoas desaparecidas se deixan a cargo da iniciativa dos familiares”.

O dereito á verdade foi caracterizado como inalienábel e imprescritíbel tanto por instrumentos internacionais como pola xurisprudencia e a doutrina internacionais. Nesta materia, o Principio 4 do “Conxunto de principios actualizado para a protección e a promoción dos dereitos humanos mediante a loita contra a impunidad” estipula que “Independentemente das accións que poidan



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

levar ante a Xustiza, as vítimas e as súas familias teñen o dereito imprescritíbel a coñecer a verdade en relación coas circunstancias en que se cometeron as violacións e, en caso de falecemento ou desaparición, sobre a sorte que correu a vítima”.

Esta caracterización do dereito á verdade ten outras consecuencias, como o sinalou o Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos: “Tendo en conta do seu carácter inalienábel e a súa estreita relación con outros dereitos que non admiten suspensión, como o dereito a non sufrir torturas e malos tratos, o dereito á verdade debe considerarse como un dereito que non se pode suspender. As amnistías e outras medidas análogas, e as restricións ao dereito a solicitar información nunca deben utilizarse para limitar, denegar ou prexudicar o dereito á verdade, que está estreitamente vinculado á obriga dos Estados de combater e erradicar a impunidade”.

Pola súa parte, a Corte Interamericana de Dereitos Humanos dispuxo que “son inadmisíbeis as disposicións de amnistía, as disposicións de prescrición e o establecemento de excluínates de responsabilidade que pretendan impedir a investigación e sanción dos responsábeis das violacións graves dos dereitos humanos, tales como a tortura, as execucións sumarias, extralegais ou arbitrarias e as desaparicións forzadas, todas elas prohibidas por contravir dereitos inderrogábeis recoñecidos polo Dereito Internacional dos Dereitos Humanos. As leis de autoamnistía conducen á indefensión das vítimas e á perpetuación da impunidade, polo que son manifestamente incompatíbeis cos tratados internacionais de Dereitos Humanos. Este tipo de leis impide a identificación dos



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

individuos responsábeis de violacións a dereitos humanos, xa que se obstaculiza a investigación e o acceso á xustiza, e impide ás vítimas e aos seus familiares coñecer a verdade e recibir a reparación correspondente”.

O dereito á verdade áchase estreitamente vinculado ao dereito á xustiza. En efecto, por definición, o dereito á verdade require da acción da xustiza, entraña o coñecemento das circunstancias en que se cometeron as graves violacións de dereitos humanos así como da identidade e o grado de participación e responsabilidade dos autores e demais implicados. Iso implica a determinación da responsabilidade penal individual por parte dun tribunal. Se o dereito á verdade se examínase no marco dos procedementos xudiciais ou trala determinación da responsabilidade penal por parte dun tribunal, non existe conflito ningún entre o dereito á verdade e o principio da presunción de inocencia.

IV

O exercicio da memoria democrática constitúe unha obriga ética e política de primeira orde. A acción institucional e social nesta materia só pode traer beneficios para a sociedade e para a democracia: para a sociedade porque a memoria do pasado e a pedagogía social cara ao futuro son elementos de identidade, de cohesión social, de fortaleza institucional e de autoestima colectiva; para a democracia porque non podemos seguir vivindo nun rexime que oculta a verdade, que adía a reparación de todas as vítimas, que impide o dereito á xustiza e que non ofrece garantías de non repetición.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Nas últimas décadas as institucións e a sociedade organizada deron pasos no desenvolvemento de políticas de memoria en Galiza. Cabe salientar a este respecto as iniciativas desenvolvidas polo Goberno galego no período 2005-2009 como a programación 2006 Ano da Memoria, a creación do Consello da Memoria de Galiza, a declaración da Illa de San Simón como *Illa da Memoria*, o proxecto de investigación interuniversitario *Nomes e Voces*, o convenio sobre exhumacións asinado en 2008 polo Goberno galego co Instituto de Medicina Legal de Galiza e co Instituto de Medicina Legal da USC, o programa Mulleres con memoria, as convocatorias de axudas para asociacións, investigadores/as e para o ámbito artístico, a organización de congresos, xornadas, exposicións, etc.

A partir do ano 2009, estas iniciativas foron eliminadas ou marxinadas. No caso do proxecto Nomes e Voces, reduciuse o apoio económico até tal punto que levou ao peche do programa de investigación e ao seu mantemento unicamente como web grazas a outras axudas. Na Illa de San Simón elimináronse case todos os contidos relacionados coa recuperación da memoria histórica e desapareceron as actividades que lle daban sentido á *Illa da Memoria*. Na actualidade só se desenvolve un acto anual que é organizado polas entidades sociais memorialistas reunidas na Iniciativa Galega da Memoria.

A inexistencia de políticas públicas de memoria histórica democrática supón a conculcación de dereitos humanos universalmente recoñecidos e un obstáculo para a construción dunha sociedade verdadeiramente democrática. E máis alá destes feitos, constitúe unha afrenta e un agravio para a memoria das vítimas e das súas familias.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

V

Contido da lei

O obxecto desta lei é crear un marco xurídico estábel para desenvolver en Galiza unha Política pública sobre a memoria histórica democrática fundamentada na defensa dos dereitos humanos, e especificamente no exercicio do dereito á Verdade, á Xustiza, á Reparación e ás Garantías de non repetición. Esta política pública terá carácter transversal e dependerá organicamente da Presidencia ou da Vicepresidencia da Xunta de Galiza.

O programa público da memoria histórica democrática galega fundaméntase nas declaracións e nas recomendacións das Nacións Unidas, que entenden a memoria colectiva como exercicio de dereitos fundamentais: o dereito a coñecer a Verdade, o dereito á Xustiza, e o dereito á Reparación.

Estes dereitos corresponden as vítimas e en xeral a toda a sociedade porque en definitiva trátase de aproveitar a memoria histórica, especialmente referida ao período comprendido entre o golpe militar fascista de xullo de 1936 e 1978, para afortalar a cohesión social, reforzar a identidade colectiva e construír unha democracia digna de tal nome.

A política pública de memoria histórica democrática galega, e a a presente lei, rexeranse polos seguintes

Principios:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

- Transversalidade e Continuidade no tempo. O desmantelamento do discurso histórico imposto polo franquismo e que pervive en amplos sectores da sociedade require unha acción sostida no tempo, planificada, coherente e coordinada coa implicación de diferentes estamentos e departamentos administrativos (Goberno galego, gobernos municipais, deputacións, administración de xustiza, arquivos...).

-Coñecemento da verdade. Cómpre fortalecer as liñas de investigación tanto no ámbito universitario como por parte de investigadoras e investigadores en xeral, promovendo liñas de axuda, favorecendo a publicación de textos e dándolle continuidade ao proxecto *Nomes e Voces* coa apertura do Arquivo Público da Memoria Histórica Democrática galega. A recollida da memoria oral e a apertura de arquivos oficiais aínda inaccesíbeis resulta de vital interese para a investigación e para garantir o dereito á Verdade.

-Socialización e normalización. A extensión do coñecemento histórico é unha tarefa prioritaria e debe contar coa implicación decidida dos medios de comunicación e do sistema educativo público. Será obxectivo preferente a divulgación destes contidos entre a mocidade, empregando os medios e linguaxes máis eficaces.

-Perspectiva de xénero. O terror tivo múltiples facianas e a súa onda expansiva atinxiu a amplos sectores da sociedade e golpeou con especial crudeza ás mulleres. Invisíbeis moitas delas nos rexistros oficiais, a pescuda da memoria oral resulta unha fonte imprescindible para coñecer os nomes das vítimas e as múltiples formas de represión (física, ideolóxica, psicolóxica, económica, moral)



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

que sufriron. Há de recoñecerse o papel das mulleres como vítimas da represión, protagonistas da resistencia e da solidariedade así como transmisoras da memoria.

- Espazos simbólicos. Crearase unha rede de espazos da memoria para facer presente no territorio galego a homenaxe permanente ás vítimas do franquismo e os ideais polos que loitaron. O estudo, divulgación e recoñecemento da loita da guerrilla galega apoiarase na creación de Mapas, Itinerarios e o Centro de Interpretación da guerrilla antifranquista galega. O Pazo de Meirás, recuperado para o patrimonio público galego, ha de converterse nun espazo referencial para o estudo e divulgación da represión franquista e da loita polas liberdades e polo autogoberno de Galiza. E a Illa de San Simón constituirase de novo en espazo simbólico central da memoria democrática de Galiza.

-Perspectiva galega. Trátase de asumir a especificidade galega no tocante á inexistencia de fronte de batalla e as características propias da represión e da resistencia que se produciu no noso país. O labor de estudo e divulgación debe integrarse na análise do devir histórico da nación galega, tendo en conta os procesos de organización, mobilización político-social, desenvolvemento económico e modernización que se viñan producindo en Galiza desde comezos do século XX, así como as consecuencias devastadoras da represión e da Ditadura franquista na sociedade galega.

Esta lei estrutúrase en cinco títulos, oito disposicións adicionais, e unha disposición final.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

O título preliminar fai referencia ao contido da lei, ámbito de aplicación, principios que a inspiran, dereitos que reconece e definicións.

O título I desenvolve o dereito á verdade que asiste ás vítimas e á sociedade en xeral, prevé a creación da Comisión da Verdade, da Oficina de Atención ás Vítimas e do Instituto da Memoria Histórica Democrática de Galiza. Ademais, determina a condición de vítima da represión franquista, o dereito ao recoñecemento e reparación, a creación do Censo de vítimas, o desenvolvemento do proceso de localización, exhumación e identificación de vítimas desaparecidas, e a denuncia e personación diante de órganos xudiciais.

O título II desenvolve o relacionado co dereito á memoria colectiva e as garantías de non repetición, establece o procedemento para a identificación e protección dos bens e documentos da memoria histórica democrática galega, así como o procedemento para o estudo dos bens expoliados e para a devolución ao patrimonio público dos bens expoliados pola familia Franco. Asemade, prevé a creación de espazos e itinerarios da memoria histórica democrática antifascista galega; o recoñecemento e apoio ao movemento memorialista galego; a prohibición de símbolos e actos contrarios á memoria histórica democrática; e a promoción da investigación, o ensino e a divulgación dos contidos relacionados coa represión franquista, a resistencia e a loita polas liberdades.

O título III refírese á actuación e coordinación administrativa e prevé a creación do Instituto da Memoria Histórica Democrática de Galiza como órgano de desenvolvemento, impulso e coordinación das políticas públicas da memoria en Galiza. Ademais, establece a creación da Comisión Técnica de Memoria Histórica



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Democrática como órgano de coordinación administrativa de carácter transversal. Por outra parte, prevé a creación do Consello da Memoria Histórica Democrática como órgano de participación social no seguimento, avaliación e impulso das políticas pública da memoria. Neste título tamén se establece a obriga de aprobar o Plan Director da Memoria Histórica, de periodicidade cuatrienal, e os Plans anuais de actuación. E por último prevense os procedementos de coordinación e cooperación da administración galega con outras administracións.

O título IV establece o rexime sancionador e determina quen son as persoas responsábeis, os tipos de infraccións (leves, graves e moi graves), as sancións económicas segundo o tipo de infracción, o procedemento e a competencia sancionadora.

Polo que atinxe ás disposicións adicionais, a primeira refírese á ilegalidade e nulidade das sentenzas e resolucións ditadas por tribunais ou por calquera outro órgano administrativo da Ditadura por motivos ideolóxicos, políticos ou de crenzas.

A segunda fai referencia ao impulso da reforma da Lei orgánica do Estatuto da Vítima do Delito para incluír nesta norma as vítimas da represión franquista.

A terceira refírese á necesidade de anulación da Lei de amnistía por ser contraria ao ordenamento xurídico internacional e aos tratados internacionais ratificados polo Estado español.

A cuarta incide na revisión das reformas da lei orgánica 6/1985, de 2009 e 2014, que limitan significativamente a posibilidade de que os xulgados españois



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

poidan exercer a súa xurisdicción sobre crimes internacionais graves, como o xenocidio, os crimes contra a humanidade e os crimes de guerra.

A quinta refírese á necesidade de establecer un procedemento para facer constar as causas da morte nos certificados de defunción das vítimas da represión franquista.

A sexta fai referencia á tipificación como delito da apoloxía e exhaltación do golpe militar, da Ditadura ou da represión franquista.

A sétima prevé a colaboración da administración galega coas instancias xudiciais do Estado ou internacionais na persecución dos crimes contra a humanidade.

Por último, a oitava refírese á aprobación dun marco normativo que inclúa a reparación de todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente, nomeadamente as persoas privadas de liberdade baixo reximes particulares, en campos de concentración e de traballos forzados, así como persoas detidas en aplicación da lei sobre vagos e maleantes de 1933; as persoas sometidas a sancións laborais, económicas e de incautacións de bens; as mulleres vítimas de delitos sexistas e machistas como violacións e vexacións.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto.

A presente lei ten por obxecto:

1. O establecemento de políticas públicas de memoria democrática na Galiza.

2. Velar polo coñecemento e a difusión da historia de Galiza nas primeiras décadas do século XX, durante a II República, a Guerra Civil, a Ditadura franquista e a transición.

3. Recoñecer, honrar e reparar as persoas que foron perseguidas polo terror fascista, así como facer xustiza cos homes e mulleres que lle fixeron fronte á Ditadura coa xenerosidade, a solidariedade e a resistencia.

4. Garantir a función da memoria histórica democrática como ferramenta de cohesión social, identidade colectiva, convivencia pacífica e progreso.

5. Recoñecer o labor das entidades memorialistas para coñecer a verdade, restituir a memoria das vítimas e reclamar xustiza.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

As disposicións contidas nesta lei serán de aplicación no territorio de Galiza polas administracións públicas no exercicio das súas competencias.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Artigo 3. Principios

1. A Lei de memoria histórica democrática de Galiza baséase no dereito internacional, na declaración universal de Dereitos Humanos e os tratados e acordos internacionais sobre a materia.

2. Estabécense os seguintes principios reitores da política pública da memoria democrática: transversalidade, continuidade no tempo, socialización, normalización, perspectiva de xénero e perspectiva galega.

Artigo 4. Dereitos.

Na presente lei recoñécense os seguintes dereitos

1. O dereito a coñecer a historia da loita e compromiso da sociedade galega en defensa das liberdades e a democracia no período comprendido entre 1936 e 1978, así como as etapas históricas inmediatamente anteriores e posteriores.

Este dereito inclúe:

a) O estudo das mudanzas e avances sociais nas primeiras décadas do século XX, así como os procesos de organización social e política en defensa da identidade nacional de Galiza e de loita contra as inxustizas.

b) O coñecemento dos cambios e avances que se produciron durante a II República (1931-1916), en especial atención ao proceso de elaboración e aprobación do Estatuto galego en xuño de 1936.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

c) Coñecer a historia do proceso represivo desatado a raíz do golpe militar fascista de xullo de 1936 e que se prolongou durante unha longa e cruenta Ditadura.

d) Estudar as características da transición política no Estado español, a pervivencia de estruturas e privilexios de orixe franquista, e a armazón xurídico-política do esquecemento e da impunidade.

2. O dereito á xustiza por parte das vítimas e de quen foi obxecto de asasinato, violencia, persecución, cárcere ou calquera outra forma de coacción ou castigo inxusto como consecuencia do golpe de Estado de 1936 e a posterior Ditadura.

3. O dereito de recoñecemento e reparación moral e económica de todas as persoas que foron obxecto de violencia e persecución.

Artigo 5. Definicións

Aos efectos desta lei enténdese por

a) Memoria democrática de Galiza: a salvagarda, coñecemento e divulgación da historia da loita do pobo galego polos dereitos e liberdades democráticos no período comprendido entre 1931 e 1978.

b) Vítimas:

1. Son vítimas directas, conforme a Resolución 60/147 da Asemblea Xeral das Nacións Unidas de 16 de decembro de 2005, todas as persoas que, no territorio



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

da actual comunidade autónoma de Galiza, sufriron danos individual ou colectivamente, mesmo lesións físicas ou mentais, sufrimento emocional, perdas económicas ou menoscabo dos seus dereitos fundamentais e liberdades públicas, como consecuencia de accións ou omisións que violen as normas internacionalmente recoñecidas relativas aos dereitos humanos no período comprendido desde o golpe militar de xullo de 1936 até a entrada en vigor da Constitución de 1978.

2. Asemade, considéranse vítimas directas os galegos e galegas que sufriran as mesmas circunstancias fóra do territorio de Galiza.

3. De igual xeito, considerárase vítimas indirectas os familiares até o terceiro grao, cónxuxe ou persoa ligada por análoga relación de afectividade, e as persoas que sufriran danos ao intervir para prestar asistencia a vítimas en perigo ou para impedir a vitimización.

c) Persoas desaparecidas: aquelas desaparecidas en operacións militares, como consecuencia de execucións sumarias, no exilio, nos campos de exterminio nazis ou en xeral de maneira forzada, e de quen non se coñece o paradiro ou non se recuperou o corpo. Inclúense nesta categoría os nenos e nenas que foron roubados ás súas familias e entregados en adopción.

d) Foxas: lugar de enterramento no que non se produciu o ritual funerario habitual porque foi resultado de execucións sumarias e arbitrarias, vencelladas con desaparicións forzadas, crimes de guerra e crimes contra a humanidade. Terán



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

tamén a consideración de foxas as zonas das rías galegas nas que están documentadas desaparicións forzadas.

e) Entidades memorialistas: as asociacións, fundacións, organizacións e entidades de carácter social que teñan entre os seus fins a memoria democrática de Galiza e a defensa dos dereitos das vítimas.

f) Lugares da memoria democrática: os espazos de lembranza da represión e da resistencia antifranquista.

TÍTULO I

Capítulo I

Sobre o dereito á verdade e a súa materialización

Artigo 6. Recoñecemento do dereito á verdade

Recoñécese o dereito á verdade como un dereito fundamental tanto das vítimas como da sociedade no seu conxunto, así como unha obriga das institucións públicas.

Artigo 7. Da comisión da verdade e da Oficina de Atención ás vítimas

1. Para garantir o dereito á Verdade, a Xunta de Galiza promoverá unha Comisión da Verdade independente, plural e de carácter oficial que permita coñecer todas as formas de represión e todos os tipos de vítimas galegas do



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

franquismo, entendidas estas en sentido amplo e durante o período 1936-1978. Paralelamente á Comisión da Verdade, crearase unha Oficina de Atención ás Vítimas e ás súas familias.

2. Como apoio á comisión da verdade, dotarase dos medios económicos, humanos e materiais necesarios o proxecto interuniversitario de investigación Nomes e Voces.

3. Para favorecer os traballos de investigación e de coñecemento da verdade, adoptaranse as medidas legais e disporanse os medios necesarios para facilitar o acceso ás fontes escritas, e nomeadamente aos arquivos oficiais.

Asemade, promoverase e priorizarase o estudo, investigación e rexistro da memoria oral, pola súa importancia para o coñecemento da verdade e porque por razóns cronolóxicas xa estamos nun momento límite para acceder a testemuñas directas dos feitos obxecto de investigación.

Artigo 8. Instituto de Memoria Histórica Democrática de Galiza.

No prazo máximo de un ano desde a entrada en vigor desta lei, o Goberno galego creará o Instituto da Memoria Histórica Democrática de Galiza, como centro público para a investigación, a documentación e a divulgación da memoria da represión franquista e da loita pola democracia e a liberdade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Capítulo II.

Das vítimas da represión franquista

Artigo 9. Da condición de vítima da represión franquista.

Esta lei considera vítimas da represión franquista as persoas que sufriran violencia, danos físicos ou mentais, sufrimento emocional, perdas económicas ou restrición dos seus dereitos fundamentais como consecuencia de accións que constituísen unha violación manifesta das normas internacionais de dereitos humanos ou unha violación do dereito internacional humanitario.

Artigo 10. Medidas en relación coas vítimas.

1. A Xunta de Galiza adoptará as seguintes medidas en relación coas vítimas:

- As que teñen como obxecto coñecer a verdade e preservar a memoria democrática á que teñen dereito todos os galegos e galegas.
- As de reparación e recoñecemento das vítimas.
- A posta a disposición de recursos e medios de asistencia e acceso á xustiza para as vítimas e as súas familias.
- As de localización e identificación das vítimas, co obxecto de configurar o censo a que fai referencia o artigo 11.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Nas actuacións previstas terán unha consideración específica as seguintes persoas e as súas familias:

a) As persoas desaparecidas após o golpe de Estado de 1936, durante a Ditadura franquista e até o ano 1978.

b) As persoas que foron condenadas a morte ou a prisión polos tribunais ilegítimos instaurados após o golpe militar de 1936.

c) As persoas asasinadas en procedementos extraxudiciais.

d) As persoas que sufriron prisión, arresto domiciliario, detención governativa ou calquera outra forma de illamento por razóns ideolóxicas ou de creanzas.

e) As persoas que se mantiveron agochadas para evitar a morte ou do cárcere.

f) As persoas que sufriron desterros ou confinamentos lonxe das súas casas polo seu compromiso político ou por relacións de parentesco con persoas perseguidas.

g) As persoas que se viron obrigadas a marchar ao exilio por razóns políticas, ideolóxicas, de creanzas ou de orientación sexual.

gh) As persoas que combateron contra o fascismo durante a segunda guerra mundial e as que sufriron prisión e morte nos campos de exterminio nazis.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

i) As persoas que por defenderen os dereitos e liberdades foron obrigadas a realizar traballos forzados e que foron utilizados como man de obra sen o seu consentimento e baixo coacción.

k) As persoas que participaron na guerrilla antifranquista, así como quen lle prestou apoio activo como colaboradores da mesma.

l) As mulleres que por razóns ideolóxicas e de parentesco sufriron castigos machistas e sexistas.

m) As persoas que sufriron calquera forma de represión polas súas ideas políticas, crenzas relixiosas, orientación sexual, identidade de xénero, parentesco ou diversidade funcional.

n) Os empregados públicos que mediante expediente ou pola vía de feito foron castigados, expedientados ou depurados por razóns ideolóxicas ou de crenzas

ñ) As persoas que sufriron represión laboral e económica, extorsións, roubos...

o) Os nenos e nenas recién nados roubados e que foron dados en adopción sen autorización dos seus proxenitores.

p) As persoas represaliadas pola súa defensa, uso, promoción ou ensinanza da lingua galega.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Nos mesmos termos do apartado anterior, terán unha consideración específica os seguintes colectivos:

a) Os grupos e sectores sociais ou profesionais que sufriron unha específica represión colectiva.

b) Os que padeceron represión por defender a lingua e a cultura galega.

c) Os partidos políticos, sindicatos, loxias masónicas, organizacións feministas, sociedades agrarias, clubs, ateneos e agrupacións culturais perseguidos e represaliados polo franquismo.

d) As minorías culturais, étnicas ou relixiosas perseguidas e represaliadas polo franquismo.

Artigo 11. Censo de vítimas da represión franquista.

1. O censo de vítimas da represión franquista será un rexistro oficial das persoas que teñan a condición de vítimas segundo os criterios establecidos no artigo 10.

2. A consellaría competente en materia de Memoria Democrática confeccionará este censo, que terá formato electrónico e carácter público.

3. O Censo de vítimas da represión franquista incluírá cando menos a seguinte información:

- Os datos persoais das vítimas: nome, idade, actividade profesional, lugar de nacemento e de residencia.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

- O cargo, responsabilidade ou filiación política, de ser o caso.
- Os feitos acontecidos e a tipoloxía da represión.
- Outros datos de interese histórico.

4. A Comisión Técnica de Memoria Democrática a que fai referencia o artigo 57 poderá determinar a inclusión doutra información, que en todo caso deberá atender ao disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

5. O Censo confórmase como un rexistro administrativo de carácter público, podendo aos efectos oportunos dar acceso ás compensacións e axudas que establece a lexislación española ou a doutros países.

Capítulo III.

Do proceso de investigación, localización, exhumación e identificación das vítimas desaparecidas

Artigo 12. Identificación das vítimas desaparecidas.

A Xunta de Galiza adoptará as medidas e actuacións necesarias para investigación, a localización, a exhumación e a identificación das vítimas desaparecidas, de conformidade cos protocolos establecidos. Estas medidas desenvolveranse de acordo coas asociacións de memoria histórica e coas familias



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

das vítimas, e terán como obxectivo último a entrega dos restos ás familias e o desenvolvemento de actos de enterramento digno.

Artigo 13. Mapas de localización

1. A Xunta de Galiza, en colaboración de ser o caso con outras administracións, institucións e entidades, elaborará mapas das zonas do territorio galego nos que se localicen ou se considere que poidan localizarse restos de vítimas da represión franquista.

2. As zonas incluídas nos mapas de localización serán obxecto dunha preservación especial na forma que regulamentariamente se determine.

Artigo 14. Localización, exhumación e identificación.

1. A Xunta de Galiza levará a cabo as actuacións necesarias para recuperar e identificar os restos das vítimas desaparecidas como consecuencia da represión franquista.

2. O Plan Director da memoria histórica democrática de Galiza, previsto no artigo 59, priorizará as medidas e actuacións para a investigación, a localización, a exhumación e identificación das persoas desaparecidas.

3. As actividades dirixidas á investigación, localización, exhumación e, no seu caso, identificación de restos de vítimas desaparecidas deberán ser autorizadas pola Xunta de Galiza através do Instituto da Memoria Histórica Democrática, dacordo co establecido na normativa sobre patrimonio cultural, na normativa sobre



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

policía sanitaria e nos protocolos previstos nesta lei, coas garantías e procedementos que no seu caso se establezan regulamentariamente.

4. A remoción de terras ou construción sobre os terreos onde se localicen ou se presuma a existencia de restos de vítimas desaparecidas, conforme os mapas previstos no artigo 13, quedará supeditada á previa autorización da Xunta de Galiza, através do Instituto da Memoria Histórica Democrática, previo informe, no seu caso, da consellaría competente en materia de patrimonio cultural.

Artigo 15. Procedemento de localización, exhumación e identificación.

1. O procedemento para a localización e, no seu caso, exhumación e identificación iniciarase de oficio pola Xunta de Galiza, através do Instituto para a Memoria Histórica Democrática, ou por solicitude das entidades locais, ou por solicitude das seguintes persoas ou entidades:

- Familiares da vítima até o terceiro grao.
- Entidades memorialistas.
- Persoas que formen parte da comunidade científica ou académica, para actividades de localización.

2. O procedemento basearase nunha investigación por parte dun equipo multidisciplinar que teña en conta as fontes orais, as probas documentais e a relación de indicios que a xustificuen.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. A Xunta de Galiza, através do Instituto para a Memoria Histórica Democrática, ponderará a existencia de oposición por calquera dos descendentes directos até o terceiro grao, a cuxo efecto dará publicidade á solicitude presentada e resolverá con notificación, no seu caso, ás persoas e entidades que instaran o procedemento. A oposición da descendencia directa até o terceiro grao dunha vítima non poderá perxudicar o dereito doutros familiares doutras vítimas á intervención no mesmo lugar.

Artigo 16. Protocolos de actuación para as localizacións, exhumacións e identificacións.

1. A Xunta de Galiza, através do Instituto da Memoria Histórica Democrática e en colaboración con todas as administracións públicas, elaborará protocolos de actuación científica e multidisciplinar que aseguren a colaboración institucional e unha axeitada intervención nas actuacións de localización, exhumación e identificación. Para a elaboración e aprobación do protocolo, terase como referencia o utilizado pola policía xudicial e a medicina forense, así como os protocolos elaborados pola Organización das Nacións Unidas.

2. Os achados de restos poranse inmediatamente en coñecemento das autoridades administrativas e xudiciais competentes.

3. En todo caso, a actuación administrativa será subsidiaria ou accesoria respecto da actuación da autoridade xudicial.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Por parte da admistración galega habilitaranse os instrumentos necesarios para realizar o acompañamento psicolóxico a familiares durante o proceso de localización e exhumación dos restos das persoas desaparecidas.

Artigo 17. Acceso aos espazos e terreos.

1. Para a realización das actividades de localización, delimitación, exhumación, identificación ou traslado dos restos das vítimas, previamente deberá solicitarse o consentimento das persoas titulares de dereitos afectados sobre os terreos onde se achen os restos. Estas actuacións decláranse de utilidade pública e interese social ao efecto de permitir a ocupación temporal dos terreos onde deban realizarse de conformidade coa normativa sobre expropiación forzosa.

2. De non obterse dito consentimento, poderase autorizar a ocupación temporal, previo o correspondente procedemento con audiencia das persoas titulares dos dereitos afectados. Para iso tomarase en consideración as súas alegacións e fixarase a correspondente indemnización.

3. O procedemento para a ocupación temporal dos terreos deberá axustarse á lexislación de ocupación forzosa e, no seu caso, á lexislación sectorial que sexa de aplicación.

4. Mediante acordo do Consello da Xunta, declararase, previa información pública e de maneira motivada, a necesidade de ocupación temporal dos terreos para realizar as actividades que o motivan.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Na acta de ocupación establecerase a forma en que se recuperará o uso dos terreos, unha vez transcorrido o prazo da ocupación temporal.

Artigo 18. Descubrimento casual de restos.

1. No caso de que unha persoa descubra de maneira casual restos que poidan pertencer a persoas desaparecidas, deberá comunicalo de forma inmediata ás autoridades policiais ou xudiciais. Estas pola súa parte deberán informar, no tempo máis breve posíbel, ao Instituto para a Memoria Histórica Democrática.

2. No marco da colaboración en materia de memoria democrática entre a Xunta de Galiza e as entidades locais, o concello no que aparecen os restos, no ámbito das súas competencias, demilitará e preservará a zona.

Artigo 19. Traslado de restos.

1. O traslado de restos humanos como consecuencia dos procedementos de localización ou por achado casual requerirá autorización da Xunta de Galiza, através do Instituto para a Memoria Histórica Democrática, con informe da consellaría competente en materia de memoria histórica, sen perxucio do que a autoridade xudicial puidese dispor a teor do establecido nas resolucións das Nacións Unidas a este respecto.

2. Regulamentariamente establecerase o procedemento para que as persoas e entidades afectadas poidan recuperar os restos para a identificación e traslado. Os restos que non sexan trasladados e non sexan reclamados deberán ser



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inhumados no cemiterio correspondente ao termo municipal non que se encontraron.

Artigo 20. Depósito de ADN e probas de identificación.

1. A Xunta de Galiza establecerá o protocolo para recoller mostras de ADN procedentes tanto dos restos óseos de persoas procedentes das exhumacións como das persoas que soliciten a toma de mostras para secuenciar o seu ADN e poder comparalo coas mostras almacenadas.

2. Este procedemento poderá aplicarse tamén na identificación de nenos recién nados roubados aos seus proxenitores e entregados en adopción sen o seu consentimento.

Capítulo IV: Denuncia

Artigo 21. Denuncia e personación ante os órganos xurisdicionais.

1. A consellaría competente en materia de memoria democrática, directamente ou a través da asesoría xurídica da Xunta de Galiza, denunciará, cando proceda, ante os órganos de xustiza a existencia de indicios de comisión de delitos que se aprecien. Do mesmo xeito e nos mesmos supostos, a consellaría competente en materia de memoria democrática poderá instar, cando proceda, a personación da asesoría xurídica en representación da administración da Xunta de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Ademais dos estándares internacionais que establecen a imprescritibilidade dos delitos contra a humanidade, nos casos de desaparición forzada seguirase o criterio do dereito internacional que establece que os prazos de prescrición deben contarse a partir do momento en que cesa a desaparición forzada, é dicir, desde que a persoa aparece con vida ou aparecen os seus restos.

Artigo 22. Protocolo de posta en coñecemento por indicios da comisión de delitos.

A consellaría con competencias en materia de memoria democrática elaborará e difundirá un protocolo sobre a posta en coñecemento, ás forzas e corpos de seguridade, a fiscalía e os órganos xudiciais, dos achados e investigacións, cando proceda, pola existencia de indicios de comisión de delitos que se aprecien en relación coa achados aos que se refire esta lei.

Capítulo V. Do dereito á reparación e recoñecemento ás vítimas.

Artigo 23. Reparación ás vítimas

1. A administración da Xunta de Galiza promoverá medidas de reparación ás vítimas, así como ás persoas e organizacións que contribuíron á defensa da democracia, das liberdades e do autogoberno.

2. A Consellaría competente en materia de memoria histórica democrática colaborará e apoiará ás entidades locais, as universidades e as entidades memorialistas en accións de reparación e recoñecemento das vítimas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

3. O Parlamento galego organizará anualmente un acto de recoñecemento e homenaxe ás vítimas da represión franquista e ás persoas que loitaron en defensa das liberdades e contra o fascismo. Esta homenaxe terá carácter temático e lembrará cada ano a un colectivo de vítimas da represión ou protagonistas da resistencia e da solidariedade.

Artigo 24. Día da Galiza Mártir.

1. Declárase o 17 de agosto, data do asasinato de Alexandre Bóveda na Caeira (Poio), Día da Galiza Mártir.

2. As institucións públicas galegas promoverán nesta data actos de recoñecemento e homenaxe, coa finalidade de manter viva a memoria e reivindicar a defensa dos valores democráticos.

Artigo 25. Foxas comúns.

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria democrática e dacordo coas entidades locais, impulsará un protocolo de actuación para dignificar os lugares de enterramento colectivo coñecidos como foxas comúns.

Artigo 26. Homenaxe ás vítimas fondeadas nas rías galegas

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria democrática, renderá homenaxe ás vítimas fondeadas e desaparecidas nas rías galegas, convertidas en xigantescas foxas comúns.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Artigo 27. Recoñecemento ás vítimas de traballos forzados.

1. A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria democrática, fará un recoñecemento expreso e promoverá a reparación das vítimas de traballos forzados.

2. Neste sentido, impulsaranse actuacións para o coñecemento das institucións e empresas que se beneficiaron dos traballos forzados, e promoverase a súa participación nas medidas de recoñecemento e reparación.

Artigo 28. Recoñecemento e homenaxe ás persoas que participaron na guerrilla antifranquista galega.

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria democrática, promoverá o recoñecemento e homenaxe ás persoas que participaron através da guerrilla galega na loita armada contra o franquismo.

Artigo 29. Recoñecemento do xenocidio cultural e lingüístico

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria histórica, promoverá o recoñecemento do xenocidio que levou a cabo o franquismo contra a lingua e a cultura galega, e adoptará todas as medidas ao seu alcance para contrarrestar os efectos da persecución, discriminación e destrución da lingua e da cultura galega durante o franquismo.

Artigo 30. Recoñecemento ás persoas exiladas e desterradas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria histórica, promoverá o recoñecemento e homenaxe aos galegos e galegas que sufriron as consecuencias do exilio. Neste marco, realizarase un recoñecemento específico e diferenciado ás persoas que sufriron desterro e confinamento fóra de Galiza por razóns políticas ou de parentesco.

Artigo 31. Recoñecemento das mulleres vítimas da represión.

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria histórica, fará un recoñecemento expreso da represión sufrida polas mulleres tanto por motivos políticos como por razón de parentesco. E asemade renderá homenaxe ás mulleres que teceron redes solidarias e ás que participaron na resistencia contra o fascismo.

TÍTULO II

DEREITO Á MEMORIA COLECTIVA E GARANTÍAS DE NON REPETICIÓN

Capítulo I. Dereito á memoria colectiva

Artigo 32. A memoria como dereito colectivo.

Máis alá dos dereitos que asisten ás vítimas, enténdese a memoria como un dereito colectivo e unha obriga das institucións públicas, co obxecto de coñecer o pasado, afortalar os valores democráticos, promover a cohesión social e superar as



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

consecuencias do terror, do medo, do silencio e do esquecemento impostos con violencia durante o franquismo e cuxos efectos se prolongaron até os nosos días.

Artigo 33. Impulso de exercicio da memoria como dereito colectivo.

As institucións galegas promoverán o exercicio da memoria histórica democrática –no marco da xurisdición sobre dereitos humanos- en todos os ámbitos: actividade asociativa, eido institucional, ensino, forzas e corpos de seguridade, sistema de saúde, e medios de comunicación.

A consellaría competente en materia de memoria histórica democrática promoverá un plan formativo en materia de dereitos humanos e memoria democrática dirixido ao persoal das administracións públicas. Para o desenvolvemento deste plan contarase coa colaboración da Escola Galega da Administración Pública e da Academia Galega de Seguridade.

Capítulo II

Bens e documentos da memoria histórica democrática de Galiza

Artigo 34. Documentos da memoria democrática de Galiza.

1. Aos efectos desta lei, enténdense por documentos da memoria democrática de Galiza toda a información e documentación producida polas persoas físicas ou xurídicas como testemuño dos seus actos que faga referencia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

directa ou indirecta á historia da represión e da loita polas liberdades e contra a Ditadura franquista.

2. Os documentos producidos durante o período que abarca desde o ano 1931 ao 1978, conservados ou reunidos en exercicio das súas actividades polas entidades de carácter público, organizacións políticas, empresariais, sindicais ou relixiosas, e polas entidades, fundacións ou asociacións sociais, culturais ou educativas de carácter privado establecidas en Galiza, integran o patrimonio documental da memoria histórica democrática de Galiza.

3. Os poderes públicos adoptarán as medidas necesarias para a protección, a integridade, a descrición, a identificación e a difusión dos documentos de memoria democrática de Galiza, protexéndoos especialmente do perigo de sustracción, destrución, deterioro ou ocultación.

4. No marco do Plan Director de Memoria Democrática e dos plans anuais, contemplados no artigo 59 desta lei, a Xunta de Galiza promoverá a conservación, ampliación e acceso público do fondo documental do proxecto de investigación Nomes e Voces. Asemade, impulsará as medidas necesarias para a copia, dixitalización e conservación dos fondos documentais e dos testemuños orais relativos ao período histórico 1931-1978. Con este obxecto, estableceranse as fórmulas de colaboración necesarias coas organizacións políticas, sindicais, fundacións, asociacións memorialistas...

Artigo 35. Dereito de acceso aos documentos.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

1. A Xunta de Galiza garante o dereito de acceso aos documentos constitutivos do patrimonio documental da memoria histórica democrática de Galiza, conforme o establecido na lexislación sectorial e atendendo ás disposicións en materia de arquivos vencellados a dereitos humanos que recolle a ONU, a UNESCO e o Consello de Europa.

2. A Xunta de Galiza actuará diante dos arquivos públicos e privados en caso de non facilitar a documentación pública ou dificultar a súa consulta.

3. A Xunta de Galiza promoverá medidas de colaboración, cooperación e coordinación coa administración xeral do Estado para facilitar o acceso á documentación administrativa e dos arquivos militares.

Capítulo III. Bens expoliados

Artigo 36. Bens expoliados de natureza privada.

1. A Xunta de Galiza por medio da Consellaría competente en materia de memoria histórica democrática, e en colaboración co Instituto para a Memoria Histórica Democrática de Galiza, elaborará un informe sobre os bens expoliados ou roubados pertencentes a persoas, empresas, sindicatos, partidos políticos, sociedades agrarias e outras asociacións. O informe incluírá tamén propostas para a devolución dos bens aos lexítimos propietarios ou ás persoas ou entidades herdeiras, ou outras fórmulas de compensación.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. No citado informe estudarase con detalle o enriquecemento de particulares e empresas que se beneficiaran da coacción, a chantaxe, o roubo e o expolio.

Artigo 37. Bens expoliados de natureza pública.

A Xunta de Galiza por medio da Consellaría competente en materia de memoria histórica democrática, e en colaboración co Instituto para a Memoria Histórica Democrática de Galiza, elaborará un informe sobre os bens expoliados ou roubados de natureza pública ou pertencentes ao patrimonio público que poidan estar en posesión de particulares.

Artigo 38. Bens expoliados pola familia Franco.

1. Por medio desta lei declárase acreditado que o Ditador Francisco Franco e a súa familia apropiáronse de bens mobles e inmobles utilizando fondos económicos, medios e institucións públicas para o seu beneficio persoal.

2. Por medio desta lei declárase que as Torres ou Pazo de Meirás (Sada), a Casa Cornide (A Coruña) e as esculturas de Abraham e Isaac son bens expoliados e que polo tanto deben formar parte do patrimonio público galego.

Artigo 39. O Pazo da Meirás

1. A Xunta de Galiza impulsará as accións legais, por si propia ou en colaboración coas institucións do Goberno do Estado, para que o Pazo de Meirás forme parte do patrimonio público galego.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

2. Atendendo á historia e simbolismo do lugar, a Xunta de Galiza promoverá uso público do Pazo de Meirás como espazo dedicado ao estudo e divulgación da historia contemporánea de Galiza, ao estudo da represión franquista, e á memoria da resistencia contra a Ditadura e da loita polas liberdades do pobo galego.

Capítulo IV

Espazos e itinerarios da memoria histórica democrática antifascista de Galiza

Artigo 40. Espazo da memoria histórica de Galiza.

1. Espazo da memoria histórica democrática de Galiza é aquel lugar, construción ou elemento inmóbel cuxo significado sexa relevante para explicar a historia de Galiza en relación coa represión e a loita do pobo galego contra a opresión e a inxustiza, e nomeadamente contra a Ditadura franquista.

2. Terán a consideración de espazos da memoria histórica democrática de Galiza:

- a) Os lugares de encarceramento, detención e internamento.
- b) As foxas comúns.
- c) As obras realizadas con traballos forzados.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- d) Os espazos vencellados á resistencia antifrancuista.
- e) Os espazos conmemorativos da loita do pobo galego contra a inxustiza e de resistencia antifascista.
- f) Os lugares e espazos conmemorativos da represión.

Artigo 42. Declaración da Illa de San Simón como Illa da Memoria.

Polo seu significado e o seu simbolismo, declarárase a Illa de San Simón como Illa da Memoria e espazo central da memoria histórica democrática e da loita pola liberdade en Galiza. En consonancia con esta función simbólica e referencial, desenvolveranse as seguintes liñas de actuación:

- a) Promoción da Illa como espazo para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica, a represión, a resistencia e a solidariedade. Promoveranse especialmente as actividades destinadas ao público escolar e as visitas organizadas polas asociacións memorialistas. Nas visitas de carácter turístico farase referencia ampla á etapa histórica na que a illa foi lugar de represión, de cárcere e de execucións sumarias. Paralelamente, restrinxiranse as actividades que poidan ser consideradas ofensivas ou agresivas para a memoria das vítimas.
- b) Conservación e potenciación da sinalética, dos espazos expositivos e das expresións artísticas relacionadas coa historia da illa como lugar de represión, de resistencia e de solidariedade.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

c) Desenvolvemento do Memorial de San Simón coa dixitalización e divulgación de todo o material actualmente disperso sobre a historia do presidio, as persoas alí recluídas e as que foron sacadas da illa para seren asasinadas.

d) Desenvolvemento na Illa dun programa anual de actividades relacionadas coa represión, a resistencia e a solidariedade, e colaboración coas asociacións memorialistas na organización da Homenaxe Nacional ás Vítimas do Franquismo.

Artigo 43. Itinerario da memoria histórica democrática de Galiza.

Considérase itinerario da memoria histórica democrática de Galiza o conxunto formado por dous ou máis espazos que se encontran próximos entre si, e cuxo significado está relacionado coa represión franquista e a loita polas liberdades e contra a Ditadura.

Artigo 44. Inventario de espazos da memoria histórica democrática de Galiza.

1. Créase o Inventario de espazos da memoria histórica democrática de Galiza como sección do Catálogo do patrimonio cultural de Galiza regulado na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza, co obxecto de incribir nel aqueles lugares, inmóbeis e sitios que reúnan as características descritas no artigo 40.

2. Os espazos e itinerarios recibirán un nivel de protección xurídica idéntico ao dos Bens de Interese Cultural, segundo se recolle na Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Artigo 45. Procedemento de inscrición.

O procedemento de inscrición de inmóbeis ou espazos no inventario de espazos de memoria histórica democrática de Galiza será iniciado polo departamento competente en materia de patrimonio cultural, que tamén será responsábel da súa protección e divulgación.

Artigo 46. Medidas de fomento en relación co Inventario.

1. O departamento competente en materia de patrimonio cultural establecerá a imaxe e identidade gráfica dos espazos e itinerarios de memoria histórica democrática para a súa sinalización e difusión oficial.

2. Para cada espazo ou itinerario, o departamento competente en materia de patrimonio cultural establecerá medios de interpretación e difusión do acontecido.

3. Os espazos e itinerarios da memoria histórica democrática incorpóranse aos contidos curriculares e ás actividades docentes nos niveis educativos de educación secundaria obrigatoria, formación profesional e educación permanente de adultos.

Capítulo V

Movemento memorialista

Artigo 47. Recoñecemento do labor do movemento asociativo memorialista.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

1. Por medio desta lei, recoñécese que as entidades memorialistas desenvolveron un labor fundamental, previo ao institucional, para reivindicar a memoria das vítimas da represión e a necesidade de políticas públicas de memoria.

2. As institucións públicas galegas expresan o seu recoñecemento e gratitude ás entidades memorialistas polo seu traballo perseverante e altruísta que permitiu salvar do esquecemento os nomes e vidas de numerosas vítimas e manter viva a chama da memoria colectiva.

3. A participación social nas políticas públicas de memoria é un elemento central para conseguir a socialización e normalización da recuperación da memoria histórica democrática

Artigo 48. Rexistro de entidades memorialistas.

1. Crearase un rexistro público de entidades memorialistas de Galiza, que dependerá da consellaría competente en materia de memoria histórica democrática.

2. Neste rexistro poderán inscribirse as entidades legalmente constituídas, que teñan a sede no territorio de Galiza, e que teñan entre os seus fins a defensa dos dereitos das vítimas da represión e a realización de actividades de investigación e divulgación sobre a memoria histórica democrática galega.

3. O procedemento de inscrición no rexistro determinarase regulamentariamente.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Artigo 49. Fomento da actividade das entidades memorialistas.

1. A Xunta de Galiza, no marco dos plans de actuación previstos no artigo 59, promoverá a participación das entidades memorialistas para a consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

2. A Xunta de Galiza apoiará a creación e mantemento das entidades memorialistas mediante convenios de colaboración ou subvencións.

Capítulo VI.

Símbolos e actos contrarios á memoria histórica democrática.

Artigo 50. Censo de símbolos e expresións franquistas.

1. No prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei realizarase un censo símbolos, expresións e monumentos conmemorativos e de exhaltación do golpe de estado e a Ditadura franquista, coa finalidade de promover a súa eliminación.

2. Para a realización deste censo contarase coa colaboración de entidades locais, entidades memorialistas e universidades.

Artigo 51. Retirada de símbolos, expresións e mencións franquistas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

1. As administracións públicas de Galiza, no ámbito das súas competencias, adoptarán as medidas necesarias para proceder á retirada ou eliminación dos símbolos, expresións e mencións contrarias a esta lei.

2. A Xunta de Galiza desenvolverá as medidas oportunas para garantir a retirada ou eliminación dos citados elementos.

3. As administracións públicas de Galiza procederán de igual xeito a revisar, anular ou revogar as distincións, mencións, títulos honoríficos, nomes de espazos, nomes de edificios públicos ou calquera outra forma de exhaltación de persoas vencelladas co levantamento militar franquista, a represión e a Ditadura.

4. Non se considerará que concorren razóns artísticas ou arquitectónicas para o mantemento dos elementos de exhaltación da Ditadura.

Artigo 52. Procedemento para a retirada da simboloxía.

1. Cando os elementos estean colocados en edificios de carácter privado con exposición ao espazo público, a Xunta de Galiza adoptará as medidas oportunas para a retirada.

2. Cando os elementos estean colocados en edificios de carácter público ou pertencen a administracións públicas, estas serán responsábeis da retirada ou eliminación.

3. No caso de que non se proceda á retirada voluntaria dos elementos aos que se refire este capítulo, o departamento competente en materia de memoria democrática incoará de oficio o procedemento para a retirada.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Artigo 53. Axudas, subvencións e utilización dos espazos públicos.

1. As administracións públicas non subvencionará nin concederá axudas públicas a aquelas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sancionadas por resolución administrativa firme por atentar ou alentar prácticas contrarias á memoria histórica de Galiza e ofensivas coas vítimas da represión franquista.

2. As entidades locais e outras institucións que non eliminen dos seus edificios e espazos públicos símbolos franquistas, ou que non retiren honras e distincións, non terán dereito a axudas públicas da Xunta de Galiza.

Capítulo VII

Investigación, ensino e divulgación

Artigo 54. Da investigación.

Co obxecto de avanzar no estudo, investigación e coñecemento da memoria histórica democrática galega, a Xunta de Galiza promoverá proxectos de estudo e investigación nos que poderán participar as universidades públicas, os centros de ensino primario e secundario, as entidades memorialistas e as persoas dedicadas ao estudo e divulgación da memoria histórica democrática.

Artigo 55. Do ensino.

1. Co obxecto de fomentar a formación no respecto aos dereitos humanos e poñer en valor a defensa da democracia e as liberdades, a consellaría competente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en materia de educación incluíra os contidos da memoria histórica democrática no currículo de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, bacharelato e educación permanente de persoas adultas.

2. O departamento con competencias en educación promoverá a organización de actividades extraescolares que complementen os contidos curriculares de memoria histórica democrática. Nestas actividades incluírase a visita a espazos e itinerarios da memoria histórica democrática.

3. Co obxectivo de dotar o profesorado de ferramentas conceptuais e metodolóxicas apropiadas, incorporárase aos plans de formación do profesorado os coñecementos e procedementos pedagóxicos para o tratamento educativo da memoria histórica democrática de Galiza.

4. Asemade, promoverase a colaboración coas universidades para a incorporación da memoria histórica democrática galega nos estudos universitarios que proceda.

Artigo 56. Da divulgación.

1. A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria histórica, creará un portal web para a divulgación dos programas e actuacións relacionados con esta materia.

2. Os medios de comunicación públicos colaborarán na divulgación e coñecemento da memoria histórica democrática galega.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

3. Nos plans a que fai referencia o artigo 59, incluíranse medidas de divulgación como exposicións, publicacións, conferencias, itinerarios e audiovisuais.

TÍTULO III

ACTUACIÓN E ORGANIZACIÓN ADMINISTRATIVA

Capítulo I

Organización administrativa

Artigo 57. Órganos de xestión.

1. A consellaría competente en materia de memoria histórica democrática será o órgano responsábel das políticas públicas de memoria de Galiza.

2. Para o desenvolvemento, coordinación e impulso das políticas públicas de memoria histórica democrática crearase o Instituto para a Memoria Histórica Democrática de Galiza.

3. O Instituto é un organismo autónomo adscrito ao departamento competente en materia de memoria histórica democrática.

4. A Xunta de Galiza aprobará mediante decreto os estatutos do Instituto para a memoria histórica democrática de Galiza no que se establecerá a súa



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

estrutura administrativa, competencias e funcións, así como o rexime xurídico de funcionamento previsto nesta lei.

5. Para o desenvolvemento da presente lei créase a Comisión Técnica de Memoria Histórica Democrática como órgano administrativo de coordinación e impulso de todas as actuacións de carácter transversal. A súa composición e funcións determinaranse regulamentariamente.

Capítulo II.

Órganos de participación.

Artigo 58. Consello da Memoria histórica democrática de Galiza.

1. O consello de memoria histórica democrática de Galiza é o órgano colexiado consultivo e de participación da Xunta de Galiza en materia de memoria histórica democrática.

2. A súa presidencia corresponderá á persoa titular da consellaría competente en materia de memoria hstórica democrática.

3. Formarán parte do consello representantes de:

- Xunta de Galiza (departamentos con competencias en materia de xustiza, educación, cultura, igualdade e investigación)

- Entidades locais

- Universidades públicas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

- Entidades memorialistas.
 - Persoas de recoñecida traxectoria investigadora e de divulgación.
4. A composición do consello respectará a paridade entre homes e mulleres.
5. Serán funcións do Consello:
- a) Informar sobre o Proxecto de Plan Director e as programacións anuais.
 - b) Coñecer os informes anuais de seguimento e avaliación.
 - c) Informar sobre os proxectos de desenvolvemento normativo desta lei.
 - d) Elaborar, por iniciativa propia, informes e recomendacións sobre a política pública de memoria histórica democrática.
 - e) Aquelas outras funcións que regulamentariamente se lle asignen.
6. O Consello contituirase no prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei.

Capítulo III.

Planificación, seguimento e avaliación.

Artigo 59. Plan Director e programacións anuais da memoria histórica democrática de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

1. As actuacións da Xunta de Galiza en materia de memoria histórica democrática organizaranse mediante o Plan Director e as programacións anuais.

2. O Plan Director terá unha vixencia máxima de catro anos e incluírá os obxectivos e prioridades que deben rexir durante este período. Asemade, determinará os recursos económicos previstos para o seu desenvolvemento.

3. As programacións anuais desenvolverán os obxectivos, prioridades, medidas e recursos para o exercicio correspondente.

4. O Plan Director será presentado no parlamento e aprobado polo consello da Xunta de Galiza, previa consulta e informe do Consello da Memoria.

5. Elaborarase un informe anual de seguimento do Plan Director e das programacións anuais, que será presentado no parlamento.

Capítulo IV.

Coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

Artigo 60. Coordinación e cooperación coa administración local.

A Xunta de Galiza e as entidades locais cooperarán no desenvolvemento das políticas públicas de memoria e no desenvolvemento e cumprimento desa lei.

Artigo 61. Relacións con outras comunidades autónomas e coa administración xeral do Estado.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

A Xunta de Galiza, por medio da consellaría competente en materia de memoria histórica democrática e do Instituto para a Memoria Histórica Democrática, manterá relacións de colaboración e cooperación coa administración xeral do Estado e coas demais comunidades autónomas.

Artigo 62. Relacións con organismos internacionais

A Xunta de Galiza cooperará e colaborará con organismos internacionais a respecto do desenvolvemento de políticas públicas de memoria e de respecto aos dereitos humanos.

TÍTULO IV.

REXIME SANCIONADOR

Artigo 63. Rexime xurídico.

1. As accións ou omisións que supoñan incumprimento das obrigas establecidas nesta lei serán sancionadas conforme o previsto neste título, sen perxucio doutras responsabilidades que puidesen concorrer.

2. A potestade sancionadora respecto das infraccións tipificadas nesta lei exercerase de conformidade con disposto nela e na normativa en materia de rexime xurídico das administracións públicas.

Artigo 64. Responsábeis.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

1. Serán responsábeis como autores as persoas físicas ou xurídicas que dolosamente ou imprudentemente realicen accións contrarias a esta lei.

2. No seu caso, serán responsábeis solidarios quen ordenasen a realización das accións ou omisións.

Artigo 65. Infraccións

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son infraccións leves:

a) Impedir a visita pública aos Espazos e Itinerarios da Memoria.

b) Os danos a espazos ou mobiliario dos espazos ou itinerarios da memoria histórica democrática.

c) Os actos contrarios ou ofensivos cara ás vítimas da represión franquista.

2. Son infraccións graves:

a) O incumprimento dos deberes de conservación dun espazo u itinerario da memoria, cando non constituía infracción moi grave.

b) A realización de calquera obra ou intervención nun Espazo ou Itinerario da Memoria que afecte a foxas de vítimas sen a autorización correspondente, e non constituía infracción moi grave.

c) O traslado de restos humanos sen a autorización prevista no artigo 19.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) O incumprimento da obriga de comunicar o achado casual conforme o artigo 19.

e) O incumprimento da resolución pola que se acorda a retirada de elementos contrarios á memoria histórica democrática, conforme o artigo 52.

3. Son infraccións moi graves:

a) A realización de excavacións sen a autorización prevista no artigo 16.

b) A construción ou remoción do terreo, sen a autorización a que se refire o artigo 16, onde haxa certeza de restos de vítimas desaparecidas.

c) A destrución de foxas de vítimas que estean localizadas e rexistradas.

d) A omisión do deber de conservación, conforme o previsto no artigo 34, cando teña como consecuencia a perda, destrución ou deterioro de bens inscritos.

Artigo 66. Agravamento da cualificación.

1. En caso de reincidencia, as infraccións cualificadas inicialmente como leves pasarán a cualificarse como graves, e as cualificadas inicialmente como graves pasarán a cualificarse como moi graves.

2. Existirá reincidencia cando se produza a comisión durante o prazo máximo de dous anos dunha infracción da mesma natureza, cando así se declare por resolución administrativa firme.

Artigo 67. Sancións.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. As infraccións tipificadas nesta lei poderán sancionarse con sancións pecuniarias e non pecuniarias.

2. As sancións pecuniarias consistirán en multas de contías comprendidas entre os seguintes importes en función da gravidade da infracción:

- a) Para as infraccións leves: multa de 300 a 3.000 euros.
- b) Para as infraccións graves, multas de 3.001 a 9.000 euros.
- c) Para as infraccións moi graves, multas de 9.001 a 150.000 euros.

3. As non pecuniarias serán sancións accesorias e consistirán na perda do dereito a obter subvencións, bonificacións ou axudas públicas por un período máximo de dous, tres ou cinco anos en caso de infraccións leves, graves ou moi graves, respectivamente.

Para a imposición e gradación destas sancións accesorias terase en conta a gravidade dos feitos e a súa repercusión, de acordo co principio de proporcionalidade.

Artigo 68. Procedemento.

1. A incoación do procedemento farase por acordo da persoa competente en materia de memoria histórica democrática de oficio, ben por propia iniciativa ou como consecuencia de orde superior, petición razoada doutos órganos ou entidades, ou por denuncia cidadá.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

2. Para a imposición das sancións establecidas neste título, seguiranse as disposicións de procedemento previstas na normativa en materia de rexime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo sancionador.

Artigo 69. Competencia sancionadora.

Son competentes para a resolución dos expedientes sancionadores:

a) Para as infraccións moi graves, a persoa titular da consellaría competente en materia de memoria histórica democrática.

b) Para as infraccións leves e graves, a persoa titular do Instituto para a memoria histórica democrática.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira

De conformidade co ordenamento internacional, declárase a ilegalidade das sentenzas e resolucións das causas instruídas de carácter penal, civil ou administrativo, dictadas por razóns políticas en Galiza polo rexime franquista, incluíndo as sentenzas dos consellos de guerra, Tribunais de responsabilidades políticas, Tribunal Especial de Represión da Masonaría e do Comunismo e Tribunal de Orde Público, así como os expedientes de depuración do funcionariado.

Como consecuencia da ilegalidade declarada no apartado anterior, dedúcese a nulidade de pleno dereito de todas as sentenzas e resolucións das causas instruídas e que foron ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas. Esta anulación permite superar o marco legal actual, fixado na Lei 52/2007 de Memoria histórica, que establece o carácter “radicalmente inxusto” e a ilexitimidade das condenas e sancións ditadas polas xurisdiccións especiais durante a guerra civil e por calquera órgano penal ou administrativo durante a Ditadura.

En consecuencia, ínstase ao Goberno do Estado a promover a anulación de sentenzas de tribunais creados durante a guerra civil e o franquismo e ditadas por motivos políticos, ideolóxicos ou de crenzas.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Disposición adicional segunda

Instar ao Goberno do Estado a promover a reforma da Lei Orgánica do Estatuto da Vítima do Delito para incluír nela as vítimas da represión franquista.

Disposición adicional terceira

Instar ao Goberno do Estado a promover a derogación da lei 46/1977 (Lei de amnistía) por ser o principal obstáculo para a apertura de investigacións e procedementos penais sobre violacións graves dos dereitos humanos e do dereito humanitario. Esta derogación xustifícase pola incompatibilidade dos efectos da lei de amnistía coas obrigas internacionais adquiridas polo estado español, nomeadamente o Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, ratificado o 27 de abril de 1977, isto é, antes da entrada en vigor da Lei de Amnistía.

Disposición adicional cuarta

Instar ao Goberno do Estado a promover a revisión das reformas da lei orgánica 6/1985, de 2009 e 2014, que limitan significativamente a posibilidade de que os xulgados españois poidan exercer a súa xurisdicción sobre crimes internacionais graves, como o xenocidio, os crimes contra a humanidade e os crimes de guerra.

Disposición adicional quinta

En relación coas causas da morte das persoas vítimas de represión, a Comisión da Verdade e o Instituto da Memoria Histórica Democrática velarán porque se faga constar a verdadeira causa da morte, mais alá da que figure no



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

certificado médico ou no rexistro civil. Neste sentido, promoveranse as reformas legais necesarias para que nas inscricións rexistradas de falecemento se engada a referencia ás circunstancias da morte.

Disposición adicional sexta

Instar ao Goberno do Estado a que promova a tipificación como delito a apoloxía ou calquera forma de exhaltación ou propaganda do golpe militar e da Ditadura franquista. E que se prohiban as entidades que realicen actividades de exhaltación franquista.

Disposición adicional sétima

A Xunta de Galiza colaborará coas instancias xudiciais do Estado ou internacionais na persecución dos crimes contra a humanidade. Neste sentido, personarase diante das instancias xudiciais cando teña coñecemento de violacións dos dereitos humanos, desaparicións forzadas ou crimes de lesa humanidade que tivesen lugar en Galiza ou que sufrisen cidadáns e cidadás galegas como consecuencia da represión franquista.

Disposición adicional oitava

Instar ao Goberno do Estado para que promova a modificacións legais necesarias para facilitar o acceso aos arquivos oficiais, removendo as dificultades e restricións que afectan a documentos históricos, a fondos militares, policiais e administrativos que permanecen clasificados sen criterios claros que permitan a súa desclasificación. Estas modificacións legais deben establecer criterios



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

aplicables en materia de privacidade e confidencialidade, de conformidade cos estándares internacionais, incluíndo o dereito á verdade.

Disposición adicional novena

A Xunta de Galiza promoverá o desenvolvemento dun marco normativo que inclúa:

- a reparación a todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente, especialmente persoas privadas de liberdade baixo reximes particulares, en campos de concentración e de traballos forzados, así como persoas detidas en aplicación da Lei sobre vagos e maleantes de 1933;

- a reparación das persoas sometidas a sancións laborais, económicas e de incautacións de bens;

- a reparacións ás mulleres vítimas de delitos sexistas e machistas como violacións e vexacións.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

ANTECEDENTES LEGISLATIVOS DA PROPOSICIÓN DE LEI DE MEMORIA HISTÓRICA DEMOCRÁTICA DE GALIZA

-Lei 52/2007, de 26 de decembro, pola que se recoñecen e se amplían dereitos e se establecen medidas a favor de quen padeceron persecución ou violencia durante a guerra civil e a ditadura.

- Declaración Universal de Dereitos Humanos e tratados internacionais sobre a materia ratificados polo Estado español.

- Pacto internacional de dereitos civís e políticos.

- Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e as Liberdades Fundamentais.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/10/2018 11:17
Nº Rexistro: 38857
Data envío: 17/10/2018 11:17:15.662

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 17/10/2018 11:16:18

Noa Presas Bergantiños na data 17/10/2018 11:16:27

Olalla Rodil Fernández na data 17/10/2018 11:16:33

María Montserrat Prado Cores na data 17/10/2018 11:16:36

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/10/2018 11:16:38

Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2018 11:16:41

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte Proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O debate institucional sobre a Responsabilidade Social iniciouse no seo da Unión Europea coa presentación en 2001 do *Libro Verde sobre a Responsabilidade Social das Empresas*. Posteriormente, a Responsabilidade Social Empresarial foi gañando máis protagonismo na axenda das prioridades europeas, e dende entón se *teñen* abordado distintas iniciativas, como a presentación en 2011 da *Estratexia Renovada da Unión Europea sobre Responsabilidade Social das empresas*, a súa inclusión na Estratexia Europa 2020 e a Resolución do Parlamento Europeo de 6 de febreiro de 2013, 2013/34/EU, sobre responsabilidade social das empresas: *Comportamento responsable e transparente das empresas e crecemento sostible*, que se modifica o 15 de abril de 2014 introducindo cambios sobre a divulgación da información non financeira e información sobre a diversidade por parte de determinadas sociedades e grupos empresariais.

A *Estratexia europea renovada en materia de RSE reflicte* o convencemento dos estados membros da Unión Europea sobre o papel que pode desempeñar a responsabilidade social empresarial para avanzar cara a estratexia Europa 2020, orientada a acadar un *crecemento inclusivo, sostible e intelixente*. Neste senso, a *Estratexia* introduce unha nova definición de responsabilidade social empresarial vinculando a responsabilidade das empresas polos seus impactos na sociedade.

No Estado español, a primeira iniciativa foi aprobada o 27 de decembro de 2002 no Pleno do Congreso dos Deputados sobre a creación, no seo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, dunha *Comisión Técnica de Expertos* coa finalidade de elaborar un informe sobre a responsabilidade social da empresa (RSE). Tres anos máis tarde, o 17 de marzo de 2005, constituíuse o *Foro de Expertos sobre RSE* para servir de apoio ao deseño de políticas de impulso neste ámbito, no ano 2007 desenvolveuse a primeira reunión da Mesa de Diálogo Social, cuxo obxectivo era elaborar propostas para estimular e difundir as boas prácticas en



Grupo Parlamentario

materia de RSE, impulsar as políticas da RSE na Administración pública e definir o papel e o compromiso das organizacións sindicais e empresariais neste ámbito.

No ano 2008, constituírase, a través do Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas (CERSE), como órgano asesor e consultivo adscrito ao Ministerio de Emprego e seguridade Social, sendo pioneiro no conxunto dos países da nosa contorna

Partido dos
Socialistas
de Galicia

En 2015, o Ministerio de Emprego e Seguridade Social publica a “*Estratexia 2014-2020 para empresas, administracións públicas e o resto das organizacións para avanzar cara unha sociedade e unha economía máis competitiva, produtiva, sostible e integradora*”, que ten por obxecto apoiar o desenvolvemento das prácticas responsables nas organizacións públicas e privadas co fin de que se constituán nun motor significativo da competitividade do país e da súa transformación cara a unha sociedade e unha economía máis produtiva, sostible e integradora. Na elaboración da dita Estratexia participaron varios departamentos ministeriais, as comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios e Provincias.

A dita Estratexia Española de Responsabilidade Social das Empresas, marca, para acadar este obxecto, 4 obxectivos e propón 10 liñas de actuación que parten de 6 principios: competitividade, cohesión social, creación de valor compartido, sostibilidade, transparencia e voluntariedade.

As liñas de actuación da *Estratexia Española de Responsabilidade Social 2014-2020 para empresas, administracións públicas e o resto das organizacións para avanzar cara unha sociedade e unha economía máis competitiva, produtiva, sostible e integradora*, son:

1. Promoción da RSE como elemento impulsor de organizacións máis sostibles.
2. Integración da RSE na educación, a formación e na investigación.
3. Bo goberno e transparencia como instrumentos para o aumento da confianza.
4. Xestión responsable dos recursos humanos e fomento do emprego.
5. Investimento socialmente responsable e I+D+i
6. Relación cos provedores
7. Consumo responsable
8. Respecto ao medio ambiente
9. Cooperación ao desenvolvemento.
10. Coordinación e participación.



Grupo Parlamentario

O fin último desta estratexia é acelerar o desenvolvemento sostible da sociedade, o comportamento responsable e a creación de emprego, sendo recoñecida pola cidadanía como un vehículo de competitividade, sostibilidade e cohesión social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A responsabilidade social pode ser definida como o compromiso, que posúen os individuos, membros dunha sociedade ou entidade ou empresa, de contribuír voluntariamente para acadar unha sociedade máis xusta e protexer o medio ambiente. A responsabilidade social pode ser por accións negativas, ao absterse de actuar, e positivas, intervindo.

Xa que logo, a Xunta de Galicia debe contribuír ao desenvolvemento sostible do seu territorio, actuando e impulsando modelos de xestión responsables que abranguen a competitividade e o crecemento económico conxugado co desenvolvemento das persoas e o respecto polo medio ambiente, de acordo cas súas competencias.

A promoción da *Responsabilidade Social Empresarial* remóntase ao ano 2007, cando se asinou o "*Acordo a favor da Responsabilidade Social Empresarial en Galicia*", que establecía un conxunto de accións a levar a cabo como o impulso á implantación nas empresas de sistemas de xestión, a promoción dos valores da RSE, a creación do Observatorio RSE de Galicia ou a habilitación de diferentes liñas de axuda. A *Lei 1/2006, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, igualmente establece unha mención á RSE, que foi obxecto de diversas actuacións tal e como a de constituír o grupo de representación empresarial galego en materia de RSE, crear a Rede Transrexional de Impulso á RSE, elaborar guías RSE, convocar Premios RSE Galicia, etc.

No debate sobre o Estado da Autonomía do exercicio 2014 aprobouse por unanimidade dos 69 deputados e deputadas presentes na Cámara a proposta de resolución núm 2, que no seu segundo parágrafo establece que "*o sector público autónomo incluírá novas cláusulas sociais nos procesos de contratación pública que leve a efecto, tal que incidan na mellora das condicións sociolaborais e promovan o aumento e a calidade do emprego*" e no debate do exercicio 2018 aprobouse a proposta de resolución núm. 45 que "*O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a afondar no diálogo social para mellorar a calidade do emprego, en particular reforzando a inclusión de cláusulas sociais na contratación pública, o impulso das políticas activas de emprego e novas medidas para a inserción laboral das persoas en situación ou risco de exclusión social no sector empresarial de Galicia*".

Grupo Parlamentario

Xa que logo, o compromiso coa Responsabilidade Social obriga á establecer un marco legal que regule as iniciativas dentro dunha estratexia propia, desenvolvendo, promovendo e mellorando o coñecemento e participación para toda a cidadanía, co fin de favorecer o desenvolvemento das prácticas socialmente responsables na Administración autonómica e nas organizacións públicas e privadas, cara a unha sociedade máis sostible, cohesionada e cunha economía máis competitiva.

Título preliminar

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta lei é promover e fomentar no ámbito da comunidade autónoma de Galicia o desenvolvemento de accións e políticas socialmente responsables na administración autonómica, así como constituír un elemento de orientación e apoio ao desenvolvemento de prácticas neste ámbito para as empresas, e as diferentes entidades e organizacións, públicas ou privadas, no deseño, desenvolvemento e posta en marcha das súas políticas, plans, programas ou proxectos asumindo criterios de sostibilidade social, ambiental e económicos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. As disposicións desta lei serán de aplicación á Administración autonómica, entendendo como tal a Xunta de Galicia e a totalidade do sector público autonómico, de acordo coa definición recollida na *Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia*.

2. As previsións desta Lei serán igualmente de aplicación voluntaria ás persoas traballadoras autónomas e ás empresas, entidades e organizacións, no ámbito público ou privado, que contén con centros de traballo, oficinas ou establecementos no territorio da Comunidade Autónoma Galega.

Artigo 3. Definicións

A efectos desta lei enténdese por:

- Auditoría social: avaliación sistemática e documentada realizada por unha persoa física, entidade ou organismo acreditado do cumprimento da entidade do seu código de boas prácticas de responsabilidade social e, se é o caso, do



Grupo Parlamentario

cumprimento das especificacións da certificación de responsabilidade social corporativa, dun investimento ou dun produto.

- Código ético: declaración formal dunha organización pública ou privada de someterse a unha autorregulamentación vinculante e vinculada ao repertorio das boas prácticas de responsabilidade social. Así como, no seu caso, a existencia desas boas prácticas a provedores, contratistas e concesionarias.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- Comercio xusto: sistema comercial baseado no diálogo, a transparencia e o respecto que persegue unha maior equidade no comercio internacional prestando especial atención aos criterios sociais e ambientais, recollidos na Resolución do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento (2005/2245 INI, do 6 de xullo de 2016, ou a que o substitúa. Contribúe o desenvolvemento sostible ofrecendo mellores condicións comerciais e asegurando o dereito das persoas produtoras e persoas traballadoras desfavorecidas.

- Consumo socialmente responsable: conduta consistente na inclusión de criterios éticos, sociais ou ambientais á hora de contratar servizos ou mercar e consumir produtos.

- Contratación pública socialmente responsable: aquela que ten en conta aspectos sociais, éticos e ambientais nos procedementos de licitación como poden ser, entre outros, as oportunidades de emprego, o traballo digno, o cumprimento cos dereitos sociais e laborais, a inclusión social, a igualdade de oportunidades, o deseño de accesibilidade para todas as persoas, **e a pegada de carbono**, a consideración dos criterios de sostibilidade, incluídas as cuestións de comercio xusto e un cumprimento voluntario máis amplo da responsabilidade social empresarial, á vez que se respectan os principios consagrados no Tratado da Unión Europea e as directivas de contratación.

- Desenvolvemento sostible: aquel que satisfai as necesidades da xeración presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades e que se atopen na intersección da esfera social, económica e medioambiental.

- Memoria de responsabilidade social: documento que expresa vinculación e compromiso da entidade coas políticas de responsabilidade social e sostibilidade, así como a posta en marcha na organización deste tipo de políticas, amosando os resultados obtidos.



Grupo Parlamentario

- **Pactos de integridade:** acordo entre a Administración pública (en particular, un órgano de contratación) e as empresas licitadoras ou as asociacións ou entidades que representen os seus intereses polos que se comprometen a seguir un procedemento de contratación transparente e evitar calquera práctica que poida ser considerada como corrupción.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

- **Produto e servizo socialmente responsable:** o que se produce, realiza e comercializa de acordo coas boas prácticas de responsabilidade social, de acordo coa política integrada de produtos e servizos, a normativa europea sobre condicións sociais da empresa e con exclusión do seu posible uso ou consumo en contra dos dereitos humanos ou con deterioro da calidade do medio ambiente.

- **Responsabilidade social:** conxunto de compromisos voluntarios de diversa orde económica, social, ambiental e de bo goberno adoptados polas empresas, as organizacións e institucións públicas e privadas, que constitúen un valor engadido ao cumprimento da lexislación aplicable e dos convenios colectivos, contribuíndo ao mesmo tempo ao progreso social e económico no marco dun desenvolvemento sostible.

- **Responsabilidade Social da Empresa:** é a integración voluntaria por parte da empresa, no seu goberno, na súa xestión, na súa estratexia, políticas e procedementos das preocupacións sociais, laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparentes cos seus grupos de interese, responsabilizándose das consecuencias e dos impactos que se derivan das súas accións. (Informe subcomisión parlamentaria para promover a RSE- Contido na Estratexia española)

- **Empresa Socialmente Responsable:** aquelas empresas que, cualificadas de acordo co procedemento previsto nesta norma, ademais do cumprimento estrito das obrigas legais vixentes, adopten a integración voluntaria no seu goberno, na súa xestión, na súa estratexia, políticas e procedementos das preocupacións sociais, laborais, ambientais e de respecto aos dereitos humanos que xorden da relación e o diálogo transparente cos seus grupos de interese, responsabilizándose das consecuencias e dos impactos que se derivan das súas accións.

TÍTULO I

Capítulo I

Do fomento da responsabilidade social pola Administración autonómica.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 4. Principios reitores da acción administrativa da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia no ámbito das súas competencias, fomentará e impulsará as políticas e accións de responsabilidade social. A tal efecto, adoptará estratexias baseadas nos principios de complementariedade, coordinación e transversalidade de xeito que se asegure unha coherencia nas súas políticas e accións específicas.

Artigo 5. A responsabilidade social na educación, a formación, a investigación, a cultura e o deporte

1. A Administración autonómica adoptará as medidas necesarias para sensibilizar, informar, divulgar e formar en materia de responsabilidade social.
2. A Administración autonómica fomentará a integración do galego dentro da estratexia de responsabilidade social corporativa, co obxecto de impulsar o uso da lingua propia en todas as esferas da nosa sociedade e sensibilizar á cidadanía coa diversidade cultural e lingüística.
3. A Administración autonómica fomentará a inclusión dos valores da responsabilidade social mediante a formación e a súa incorporación nos programas formativos, tanto da educación obrigatoria como dos ciclos formativos da formación profesional, nos plans de estudo da universidade e a investigación, fomentando os principios para unha formación especializada en técnicas de xestión socialmente responsables.
4. A Administración autonómica fomentará a inclusión dos valores da responsabilidade social no desenvolvemento das actividades físicas e competicións deportivas que se leven a cabo por persoas físicas ou xurídicas.



Grupo Parlamentario

Artigo 6. Do fomento do consumo de produtos e servizos socialmente responsables.

1. A Administración autonómica fomentará a integración dos principios de responsabilidade social nas políticas de consumo. A dita finalidade, promoverá a información dirixida á cidadanía sobre o consumo cívico ou responsable, apoiando as iniciativas de terceiros neste ámbito, especialmente das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. A Administración autonómica fomentará a través das asociacións de persoas consumidoras e usuarias da comunidade autónoma galega, hábitos de merca, uso e desfrute de bens e servizos que supoñan o consumo de produtos que incorporen valores ambientais ou de sostibilidade, sociais e éticos, e de respecto dos dereitos da infancia en toda a cadea de produción, así como o comercio xusto, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento de pautas de consumo responsable e sostible na cidadanía.

3. A Administración autonómica promoverá a utilización do etiquetado, tanto de comercio xusto como doutro tipo de acreditado como ferramenta distintiva do cumprimento de criterios de responsabilidade social, promovendo os produtos socialmente responsables. No caso do comercio xusto, o etiquetado debe ser recoñecido pola Organización Internacional do Comercio Xusto (WFTO), ou a demostración fidedigna de que se cumpren os criterios recollidos no artigo 2 da Resolución do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento (2005/2245 INI) ou a norma que a substitúa.

4. A Administración autonómica promocionará nos seus actos protocolarios, na medida en que sexa posible, o consumo de produtos autóctonos galegos e de comercio xusto.

5. As administracións públicas promoverán un modelo de turismo sostible, inclusivo, responsable e de calidade, impulsando a preservación e mellora dos recursos turísticos e a planificación e articulación no territorio. Neste senso, promoverán o comportamento socialmente responsable das empresas turísticas para que contribúan ao desenvolvemento sostible, orientando a actividade turística cara a actuacións capaces de conciliar o desenvolvemento económico sustentable, a competitividade e a eficiencia, coa protección do medio ambiente.

Grupo Parlamentario

Artigo 7. A responsabilidade social nas políticas inclusivas.

A Administración autonómica, respectando en todo caso o principio de legalidade, adoptará todas aquelas medidas necesarias tendentes a promover a inclusión de colectivos en risco de exclusión social, a igualdade de trato e non discriminación, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a igualdade retributiva, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar, a flexibilidade horaria, a redución da xornada e a plena accesibilidade das persoas con diversidade funcional.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 8. A responsabilidade social no emprego

1. A Administración autonómica promoverá a calidade no emprego mediante melloras continuas nas condicións laborais e retributivas, así como a creación de emprego estable e a redución da temporalidade ou interinidade. Fomentarán a contratación indefinida, a formación continua do seu persoal, a promoción profesional e todas aquelas medidas tendentes a mellorar as condicións de empregabilidade, máis aló dos mínimos legais establecidos, e tendo en como premisa o diálogo social, a negociación colectiva e a participación.

2. A Administración autonómica fomentará, ao igual que a innovación, o emprendemento e o apoio ao autoemprego, a promoción do traballo autónomo e a economía social, incentivando a economía local a fin de fomentar o desenvolvemento económico sostido, sustentable e inclusivo no territorio.

Artigo 9. A responsabilidade social e o compromiso co medioambiente.

A Administración autonómica promoverá todas aquelas medidas, accións e prácticas cuxo obxectivo sexa minimizar o impacto ambiental sobre o entorno das súas decisións, co obxecto de reducir os efectos do cambio climático, propiciar o respecto á biodiversidade, á preservación dos ecosistemas galegos, á paisaxe e ao patrimonio cultural e histórico.

Na toma de decisións, e sen prexuízo das esixencias legais, adoptarán medidas complementarias que sexan respectuosas co medio ambiente, que fomenten o aforro enerxético, a diminución de residuos, a redución de radiacións, o control de emisións, enerxías renovables, o control da obsolescencia programada, a reciclaxe, entre outras, así como o consumo de produtos ecolóxicos certificados.

Grupo Parlamentario

Artigo 10. A responsabilidade social e a cooperación ao desenvolvemento.

1. A Administración autonómica fomentará que as entidades da economía social, as empresas e as organizacións empresariais da Comunidade galega poidan contribuír aos esforzos da cooperación para o desenvolvemento e ao cumprimento da Axenda 2030 para o desenvolvemento achegando a súa experiencia e recursos nos distintos sectores da súa actividade, asegurando sempre o carácter non lucrativo desta actividade e respectando os principios do Pacto Mundial de Nacións Unidas (*Global Compact*).

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. A participación en actuacións de cooperación ao desenvolvemento que fagan tanto as cooperativas como as empresas ou organizacións empresariais da Comunidade galega, en colaboración coas administracións públicas galegas, levarase a cabo sempre no marco da responsabilidade social empresarial e en intervencións enfocadas ao desenvolvemento sustentable e equitativo de economías locais que permitan mellorar as condicións de vida das persoas fora das nosas fronteiras. En concreto, fomentárase o comercio xusto, recoñecido pola Unión Europea como ferramenta de cooperación e educación para o desenvolvemento sostible e a redución da pobreza.

3. A Administración autonómica fomentará alianzas público-privadas do sector privado con organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, universidades do sistema universitario galego, sector público e organizacións da sociedade civil para realizar proxectos que contribúan a un desenvolvemento económico sustentable.

Capítulo II

O xestión pública socialmente responsable

Artigo 11. O fomento da corresponsabilidade social

A Administración autonómica, ademais de fomentar a responsabilidade social sectorial prevista nesta lei, levará a cabo políticas e accións socialmente responsables que conduzan a un modelo de xestión pública que impulse a corresponsabilidade entre todos os actores cun sistema de gobernanza participativa.

Grupo Parlamentario

Artigo 12. Contratación pública socialmente responsable

1. A Administración autonómica empregará a contratación pública como instrumento estratéxico para incorporar criterios sociais, ambientais, éticos e os derivados doutras políticas públicas nos pregos de contratación.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A incorporación dos citados criterios non poderá supoñer en ningún caso a infracción dos principios da contratación: igualdade, non discriminación, publicidade, libre concorrència, actuación transparente e proporcionada e a libre prestación de servizos.

2. A Administración autonómica impulsará a contratación pública socialmente responsable que incremente a eficiencia do gasto público e facilite a participación de pequenas e medianas empresas. Do mesmo xeito, impulsarán os pactos de integridade na contratación pública.

Para estes efectos, os órganos de contratación reservarán a participación no proceso de adxudicación de determinados contratos de obras, subministracións e servizos a centros especiais de emprego e empresas de inserción. Poderanse reservar contratos coas condicións e requisitos establecidos no artigo 77 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento e do Consello, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública, ou norma que a substitúa.

Mediante acordo do Consello da Xunta fixarase a porcentaxe mínima de reserva, así como as condicións e áreas de actividade da reserva.

Artigo 13. Incorporación de cláusulas de responsabilidade social na contratación pública

1. A Administración autonómica incluírá na contratación pública cláusulas de responsabilidade social, ben como criterios de adxudicación ou como condicións especiais de execución, nos pregos de cláusulas administrativas particulares no seguinte senso:

- a) Incorporará unha cláusula contractual en todos os contratos públicos que estableza que as persoas ou entidades licitadoras, contratistas ou subcontratistas ou empresas filiais ou empresas interpostas non poden facer operacións financeiras en paraísos fiscais que sexan consideradas delictivas como delitos de branqueo de capitais, fraude fiscal ou contra a facenda pública. A tal fin, esixirase ás persoas ou entidades licitadoras, contratistas ou subcontratistas ou empresas filiais ou empresas interpostas,



Grupo Parlamentario

a achega da correspondente declaración responsable aos efectos oportunos.

- b) Incorporará a advertencia de que o contrato está suxeito ao cumprimento das disposicións legais, regulamentarias e convencionais vixentes que resulten de aplicación en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo.
- c) Incorporará a obriga de que as persoas ou entidades licitadoras indiquen o convenio colectivo que estableza as condicións máis beneficiosas que será de aplicación ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato, no caso de resultar adxudicatario, así como a obriga de facilitar tanta información se requira sobre as condicións de traballo que unha vez adxudicado o contrato se aplique efectivamente ás persoas traballadoras.
- d) Indicará que a persoa ou entidade adxudicataria deberá, ao longo de toda a execución do contrato, aboar o salario recollido no convenio colectivo de aplicación que estableza as condicións máis beneficiosas, e que lle corresponda á persoa traballadora segundo a categoría profesional, sen que en ningún caso o salario a aboar poida ser inferior a aquel.
- e) Indicará que naqueles contratos que impongan ao adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, o órgano de contratación deberá facilitar aos licitadores, no propio prego ou na documentación complementaria, a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores e traballadoras aos que afecte a subrogación que resulte necesaria para permitir a avaliación dos custos laborais que implicará tal medida. A estes efectos, a empresa que efectuase a prestación obxecto do contrato que se vai adxudicar e que teña a condición de empregadora dos traballadores e traballadoras afectados, estará obrigada a proporcionar a dita información, exacta e veraz, ao órgano de contratación, a requirimento deste.

De igual modo, deberase incorporar no anuncio de licitación a advertencia de que esa contratación está sometida á subrogación dos contratos de traballo de todos os traballadores e traballadoras que, a pesar de pertencer a outra contrata, veñan realizando a actividade obxecto do contrato, quedando a nova empresa subrogada nos dereitos e obrigas laborais e de seguridade social da anterior.

Grupo Parlamentario

- f) Determinará os criterios que servirán de base para a adxudicación do contrato á oferta economicamente máis vantaxosa para a administración, entendida como aquela que non só teña en conta o menor prezo, senón tamén parámetros de eficacia, de xeito que se adxudique a oferta de mellor relación coste-eficacia, sempre e cando non repercuta nun menoscabo das condicións laborais, salariais e sociais dos traballadores e traballadoras afectados pola contratación ou a subcontratación e se vele polas condicións e a calidade do servizo que se ofrece.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os criterios poderán estar relacionados cos costes ou outro parámetro que permita identificar a oferta que presenta a mellor relación custe-eficacia, así como o custe do ciclo de vida ou criterios cualitativos que permitan identificar a oferta que presenta a mellor relación calidade-prezo.

Os ditos criterios deben estar vinculados ao obxecto do contrato e cando se refira ou integre as prestacións que deba realizarse en virtude do dito contrato, en calquera dos seus aspectos e en calquera etapa do seu ciclo de vida, incluídos os factores que interveñen nos seguintes procesos:

- a) No proceso específico de produción, prestación ou comercialización de, no seu caso, as obras, os subministracións ou os servizos; ou
- b) No proceso específico doutra etapa do seu ciclo de vida, aínda que non pertenza a súa parte substancial.
- g) Incluirá produtos baseados no comercio xusto e produtos ecolóxicos ou respectuosos co medioambiente como criterio de adxudicación ou condición de execución do contrato. A estes efectos, poderán requirir etiquetas específicas de comercio xusto recoñecidas pola Organización Internacional do Comercio Xusto (WFTO) ou ben etiquetas equivalentes ou calquera outro medio axeitado de proba que amosen que amosen o cumprimento dos requisitos da etiqueta específica de acordo cos criterios recollidos no artigo 3 da Resolución do Parlamento Europeo sobre comercio xusto e desenvolvemento (2005/2245 INI), ou norma que a substitúa.
- h) Incluirá cláusulas lingüísticas non discriminatorias relativas ao uso do galego durante a execución dos contratos.

Grupo Parlamentario

2. Os órganos de contratación establecerán nos pregos mecanismos suficientes para o cumprimento das cláusulas de responsabilidade social, de conformidade co establecido na normativa básica contractual.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Regulamentariamente se desenvolverá a inclusión de cláusulas de responsabilidade social na contratación pública, así como dos principios éticos e as regras de conduta aos que deben adecuar a súa actividade os contratistas, prevendo a dito fin a elaboración de guías ou pregos de contratación que faciliten a aplicación polos órganos de contratación do previsto neste artigo.

Artigo 14. Da xestión responsable dos recursos humanos.

A Administración pública favorecerá, mediante o diálogo con grupos de interese, entre outros, a aplicación, de fórmulas como o tele traballo que permitan a flexibilidade e a racionalización de horarios, a conciliación da vida familiar, persoal e profesional; do mesmo xeito fomentarán a implicación do seu persoal en accións de voluntariado corporativo ou de responsabilidade social. A xestión responsable dos recursos humanos debe ir dirixida á eficacia, eficiencia e á mellora do servizo prestado á cidadanía.

Artigo 15. Da administración socialmente responsable na prestación de servizos públicos

1. A Administración pública levará a cabo medidas de modernización e mellora continua da calidade dos servizos públicos que prestan á cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, e instrumentarán accións específicas destinadas a mellorar as relacións desta coa Administración galega mediante a aplicación de instrumentos de xestión ligados á utilización de tecnoloxías da información e da comunicación.

2. En cumprimento deste obxectivo, e sen prexuízo da súa regulamentación específica, avanza na redución ou supresión das cargas administrativas, a racionalización e simplificación dos procedementos administrativos, para dotalos de maior celeridade, eficacia e eficiencia na súa xestión, de acordo cos principios de boa administración, priorizando o uso de novas tecnoloxías da información, procurando a actualización permanente.

Grupo Parlamentario

Artigo 16. Xestión responsable na transparencia.

A Administración pública arbitrará mecanismos para impulsar o goberno aberto, a ética pública, a transparencia, a participación e a colaboración na xestión pública a fin de xerar vínculos de confianza entre a cidadanía e as institucións. A dito fin, entre outros e sen prexuízo da aplicación da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, incorporaranse ao portal de transparencia as memorias de sostibilidade ou responsabilidade social que se elaboren de acordo ao previsto nesta lei.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 17. Plan galego de responsabilidade social

1. O Consello da Xunta de Galicia aprobará o Plan galego de responsabilidade social como instrumento de planificación e xestión da Administración autonómica para levar a cabo a súa política en coordinación cos plans estatais na materia. Neste fixaranse os obxectivos, as medidas, actuacións e os indicadores a adoptar na súa vixencia.

2. O Plan será de carácter transversal, plurianual e coa vixencia que no propio plan se estipule, e será informado polo Consello Galego de Responsabilidade Social tras un proceso participativo. Todo iso a proposta da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de responsabilidade social.

3. Previamente á súa aprobación, o Plan será remitido ao Parlamento de Galicia para o seu exame.

Artigo 18. Memoria anual de responsabilidade social.

1. A consellería que teña atribuídas as competencias en materia de responsabilidade social elaborará unha memoria anual na que se recollerá o conxunto de políticas, medidas e accións levadas a cabo en materia de responsabilidade social pola Administración da Xunta de Galicia e o seu sector público instrumental.

A tal fin, nos dous meses seguintes ao peche de cada exercicio orzamentario, as consellerías e restantes organismos que integran o sector público, achegarán á consellería que teña atribuídas as competencias en materia de responsabilidade social, un informe sobre as iniciativas que, levadas a cabo no exercicio das súas competencias, veñan enmarcadas no ámbito da responsabilidade social.

Grupo Parlamentario

2. A persoa titular da consellería que teña atribuída as competencias en materia de responsabilidade social presentará anualmente ao Consello da Xunta un informe con un resumo da dita memoria, dentro dos seis meses seguintes ao peche de cada exercicio orzamentario.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A memoria presentarase tamén no Parlamento de Galicia e publicarse aos efectos oportunos.

Artigo 19. Contido da memoria.

1. A memoria incluírá todo o conxunto de políticas, medidas, accións e actuacións desenvolvidas polos diferentes organismos públicos da Administración da Xunta de Galicia e o seu sector público instrumental, enmarcadas no ámbito da responsabilidade social.

2. O contido da memoria versará sobre tres eixos fundamentais: protección ambiental, inclusión social e os dereitos laborais e o bo goberno.

Dentro de cada eixo, a memoria recollerá os seguintes contidos:

- a) Protección ambiental: actuacións referentes ao consumo enerxético, a redución de emisións e vertidos, a xestión de residuos, a reciclaxe, a xestión ambiental e preservación da biodiversidade, as enerxías renovables, a contratación pública con criterios ambientais, o consumo responsable e sustentable así como todas aquelas actuacións susceptibles de ser incluídas neste apartado.
- b) Inclusión social e dereitos laborais: aspectos referentes ao diálogo social e a negociación colectiva, as políticas de igualdade e a conciliación, a diversidade, a accesibilidade universal, a saúde, a seguridade e hixiene no traballo, a formación e promoción profesional, o emprego e as retribucións, a acción social e os demais contidos relacionados cos aspectos recollidos neste apartado.
- c) Bo goberno: medidas adoptadas referentes a códigos éticos, transparencia na xestión e acceso á información pública, mellora da calidade dos servizos prestados á cidadanía, redución de cargas administrativas e contratación pública socialmente responsable, así como o resto de medidas susceptibles de ser incluídas neste apartado.

Grupo Parlamentario

3. Sen prexuízo do previsto no apartado anterior, na memoria anual recolleranse tamén as actuacións referentes á promoción do galego, a participación activa na sociedade e, especialmente o voluntariado, as prácticas de comercio xusto levadas a cabo e calquera outra que mostren un compromiso cos valores e principios da responsabilidade social e a sostibilidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

TÍTULO II

A responsabilidade social nas entidades galegas

Artigo 20. Entidades socialmente responsables da Comunidade galega

1. Aos efectos desta lei, consideraranse entidades galegas socialmente responsables aqueles traballadores e traballadoras autónomos, empresas e entidades, todo tipo de organizacións públicas e privadas que, cualificadas de conformidade co procedemento previsto nesta lei e o seu desenvolvemento regulamentario, ademais do cumprimento estrito das obrigas legais vixentes, teñan adoptado a integración voluntaria no seu goberno, xestión e na súa estratexia empresarial dos valores seguintes, de acordo á materialidade e especificidade da entidade.

a) Aspectos éticos:

- Elaborar un código ético de conducta ou instrumento análogo que reflicte o compromiso da entidade co bo goberno corporativo.
- Transmitir este código ético de conduta ou instrumento análogo ao persoal empregado, aos provedores, clientes, colaboradores, accionistas ou socios partícipes, ao contorno local e á sociedade en xeral.
- Orientar a misión, os valores e as normas da empresa cara esa responsabilidade social así como á mellora do seu bo goberno corporativo.
- Orientar cara aos obxectivos e actividades dos seus grupos de interese.
- Comunicar os seus resultados de xestión estratéxica de responsabilidade social empresarial.
- Usar responsablemente a información e a comunicación.
- Elaborar portais de transparencia

Grupo Parlamentario

- Defender os dereitos humanos en toda a cadea de subministro.
- Realizar ou participar en proxectos na comunidade de carácter cultural, deportivos, benéficos, lúdicos ou sociais.
- Adherirse aos mecanismos de resolución arbitral de conflitos xurdidos con persoas consumidoras e usuarias, entre outros.

b) Aspectos sociais e laborais:

- Ofrecer un entorno laboral seguro e saudable.
- Procurar a estabilidade no emprego.
- Desenvolver accións de formación e actualización profesional.
- Elaborar plans de igualdade que favorezan a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e de corresponsabilidade entre mulleres e homes.
- Elaborar plans para evitar calquera tipo de violencia no traballo, especialmente para evitar o acoso sexual
- Implicarse na mellora social do seu contorno.
- Colaborar co terceiro sector e promoción do voluntariado.
- Apoiar ao traballo das entidades sociais e participar en proxectos sociais que melloren a calidade de vida das persoas máis vulnerables.
- Promover os valores sociais.
- Promover a non discriminación, a inclusión da diversidade e a inclusión de colectivos en risco de exclusión social.

c) Aspectos ambientais:

- Adoptar accións encamiñadas á protección da biodiversidade.
- Apoiar con accións a loita contra o cambio climático.
- Facer un uso eficiente dos recursos.
- Establecer accións que preveñan a contaminación.
- Facer un consumo responsable e sustentable.

2. Consideraranse entidades socialmente responsables as de economía do ben común, é dicir, aquelas cuxo modelo económico estea baseado en valores como a dignidade humana, a solidariedade, a sostibilidade ecolóxica, a xustiza social, a transparencia e a participación democrática e cuxa medición da contribución ao ben común se teña feito mediante un balance do ben común.

Grupo Parlamentario

Artigo 21. Avaliación da responsabilidade social. A memoria da responsabilidade social.

1. Aos efectos de ser cualificadas como entidades socialmente responsables, as entidades galegas deberán presentar unha memoria de responsabilidade social que recolla os resultados analíticos sistemáticos e a avaliación dos aspectos que integran a responsabilidade social da entidade referidos no artigo anterior e seguir o procedemento de verificación previsto nesta Lei e as súas normas de desenvolvemento.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. A memoria de responsabilidade social axustarase aos seguintes principios: deberá ser transparente, incluírá opinións dos grupos de interese, será auditable, completa, relevante, axeitada ao contexto da organización, precisa, neutral, comparable e clara.

3. A memoria de responsabilidade social basearase en calquera dos modelos nacionais e internacionais existentes, expresando a vinculación e compromiso da entidade coas políticas de responsabilidade social e sostibilidade, así como a posta en marcha na súa organización deste tipo de políticas, amosando os resultados obtidos.

Artigo 22. Verificación da responsabilidade social.

1. A verificación da responsabilidade social levarase a cabo mediante unha auditoría social externa, que deberá facer unha persoa física, entidade ou organismo independente especializado en auditorías, certificación ou normalización da calidade ou responsabilidade social que ostente acreditación oficial vixente, de conformidade co que se estableza regulamentariamente.

2. A verificación da responsabilidade social farase a través dun informe de revisión preparado por un terceiro independente que sen carácter exhaustivo terá o seguinte contido:

- a) Título que indique que se trata dun informe de verificación independentemente.
- b) Debe identificar con claridade a información revisada e a entidade ou entidades a que se refire o período revisado.
- c) Os estándares ou criterios empregados na súa preparación.

Grupo Parlamentario

- d) A identificación do estándar ou estándares empregados na revisión así como os procedementos de revisión aplicados.
- e) Conclusión da persoa auditora sobre a baseado traballo realizado, así como a súa identificación, nome e enderezo.
- f) Aspectos de mellora ou recomendacións, se se considera necesario, sobre aspectos relativos ao control interno, sistemas de xestión, os métodos de cálculo, os sistemas de información ou outros aspectos que contribúan á responsabilidade social.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

3. Regulamentariamente regularase un modelo simplificado de verificación para os traballadores e traballadoras autónomas, así como para as entidades e empresas de menos de 50 persoas no persoal, tomando como parámetro a actividade destas en atención á maior ou menor salubridade, perigo e impacto ambiental.

Artigo 23. Cualificación da entidade galega socialmente responsable.

1. A consellaría competente para outorgar a cualificación de entidade galega socialmente responsable será a consellería que teña atribuídas as competencias en materia de responsabilidade social, podendo crear, do mesmo xeito, un distintivo que acredite a unha entidade galega socialmente responsable.

2. O procedemento para obter a cualificación de entidade galega socialmente responsable iniciarase a instancia de parte. Regulamentariamente estableceranse os requisitos para outorgala, e todo o referente á revogación e homologación da cualificación outorgada por outra comunidade autónoma, pola Administración xeral do Estado ou por outros Estados ou organizacións internacionais.

3. Do mesmo xeito, preverase regulamentariamente un procedemento simplificado para outorgar a cualificación de entidade galega socialmente responsable a todas aquelas con domicilio na Comunidade Autónoma galega que xa contén cunha memoria de responsabilidade social elaborada de acordo a calquera dos modelos nacionais e internacionais existentes e oportunamente verificada.

Grupo Parlamentario

Artigo 24. Rexistro de entidades galegas socialmente responsables.

1. Créase o Rexistro de Entidades Galegas Socialmente Responsables, adscrito á consellería competente en materia de responsabilidade social. Regulamentariamente desenvolverase todo o referente ao seu réxime de organización e funcionamento.

2. O rexistro gozará de carácter público e natureza administrativa e nel inscribíranse as empresas e entidades que obtivesen a cualificación anterior, así como as revogacións.

Artigo 25. Beneficios do outorgamento da declaración de entidade galega socialmente responsable, as que teñan unha cualificación similar e aquelas que acrediten prácticas de responsabilidade social

As entidades cualificadas como entidade galega socialmente responsable, todas aquelas que teñan unha cualificación similar outorgada por outra comunidade autónoma, pola Administración xeral do Estado ou por outros Estados ou organizacións internacionais; así como aquelas que acrediten prácticas de responsabilidade social gozarán, como mínimo, dos seguintes beneficios:

- a) En materia de contratación pública: considerarase un criterio de desempate na adxudicación, de conformidade co previsto na lexislación sobre contratos do sector público, ou ben ter a condición de entidade galega socialmente responsable ou cualificación similar, ou ben que a empresa teña posto en marcha o maior número de iniciativas no ámbito da responsabilidade social corporativa.
- b) En materia de concesión de axudas públicas e subvencións: as bases reguladoras e as convocatorias de axudas e subvencións establecerán como criterio de valoración ou ponderación no seu outorgamento, e en función do seu obxecto, a cualificación de entidade galega socialmente responsable ou cualificación similar, así como a realización de prácticas de responsabilidade social.
- c) Exhibición do distintivo: as entidades galegas socialmente responsables cualificadas de acordo co previsto nesta lei, poderán empregar e publicitar en todas as súas relacións o distintivo que as acredita de tal xeito. A



Grupo Parlamentario

consellaría competente en materia de economía velará polo uso correcto do dito distintivo.

- d) Beneficios fiscais: a normativa autonómica reguladora dos tributos propios poderá establecer beneficios fiscais para as entidades declaradas como entidade galega socialmente responsable.
- e) A Administración autonómica adoptará medidas de publicidade para dar a coñecer as empresas cualificadas como “Entidade Galega Socialmente Responsable”.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Artigo 26. Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia.

A Administración autonómica outorgará anualmente os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia destinados a premiar ás entidades que, habendo sido cualificadas previamente como tal, destacaran na promoción dos valores da responsabilidade social.

TÍTULO III

Do Consello Galego de Responsabilidade Social

Artigo 27. Creación do Consello Galego de Responsabilidade Social.

1. Créase o Consello Galego de Responsabilidade Social, órgano colexiado e de participación da sociedade civil organizada, adscrito á consellaría que teña atribuídas as competencias en materia de responsabilidade social..
2. No Consello Galego de Responsabilidade Social estarán representadas, de xeito cuadripartito e paritario, as administracións públicas galegas, as organizacións empresariais máis representativas, as organizacións sindicais máis representativas, as organizacións de persoas consumidoras e usuarias máis representativas e outras organizacións e institucións de recoñecida representatividade e interese no ámbito da responsabilidade social corporativa na Comunidade Autónoma de Galicia.

Grupo Parlamentario

Artigo 28. Funcións do Consello Galego de Responsabilidade Social.

1. O Consello Galego de Responsabilidade Social configúrase como o órgano de referencia para a promoción e o asesoramento na programación das políticas da Administración autonómica en materia de responsabilidade social.

2. O Consello Galego de Responsabilidade Social terá, entre outras, as seguintes funcións:

- a) Informar as normas da Administración autonómica en materia de responsabilidade social.
- b) Fomentar e potenciar as iniciativas de responsabilidade social no ámbito empresarial.
- c) Colaborar na execución das políticas en materia de responsabilidade social.
- d) Informar o Plan galego de responsabilidade social.
- e) Artellar un sistema de información en materia de responsabilidade social, actuando como órgano permanente de recollida e análise da información autonómica, estatal, europea e internacional sobre a responsabilidade social.
- f) Avaliar o efecto das políticas institucionais postas en marcha na materia, facendo un seguimento delas.
- g) Construír un foro de intercambio e comunicación sobre a responsabilidade social entre organismos públicos, do sector empresarial e demais organizacións e institucións de recoñecida representatividade da Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Elaborar un informe anual sobre o impacto das políticas de responsabilidade social na Comunidade Autónoma de Galicia.
- i) Elaborar estudos e informes técnicos na materia, así como formular recomendacións e propostas.
- j) Promover accións formativas en materia de responsabilidade social.
- k) Propor as persoas ou entidades nas que recaerán os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia.
- l) Calquera outra función relacionada co ámbito das súas competencias que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

3.- Regulamentariamente establecerase a composición, organización e funcionamento do Consello Galego de Responsabilidade Social tanto na súa vertente de órgano colexiado e de participación en materia de responsabilidade social como na de Observatorio galego de responsabilidade social. Neste último



Grupo Parlamentario

caso, o regulamento de desenvolvemento preverá a participación prioritaria das universidades públicas galegas e da Administración local.

Artigo 29. Actuacións para a promoción pola Xunta de Galicia.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Xunta de Galicia anualmente procederá a subvencionar a obtención de certificacións de normas ou estándares de Responsabilidade Social e elaboración de plans de igualdade, impulsando a consecución da marca galega de Excelencia en Igualdade, medidas de conciliación laboral, así como a promover programas de asesoramento para as entidades recollidas no artigo 20 desta Lei, especialmente para as pemes, micropemes e autónomos.

Disposición adicional primeira. Plan de Formación.

O órgano competente en materia de responsabilidade social instará no prazo de seis meses, dende a entrada en vigor desta lei, ao órgano competente en materia de formación no ámbito da administración da Xunta de Galicia para que, no seu plan de formación, inclúa cursos en materia de responsabilidade social e contratación pública socialmente responsable, coa finalidade de concienciar e formar ao seu persoal empregado público nesta materia.

Disposición adicional segunda. Oficina de Responsabilidade Social Empresarial.

Dependente da consellaría competente en materia de responsabilidade social, existirá unha Oficina de Responsabilidade Social, encargada de informar, orientar e prestar apoio técnico ás entidades e empresas en materia de responsabilidade social, así como da xestión e tramitación de toda a actividade administrativa relacionada ca materia.

Disposición adicional terceira . Observatorio galego da responsabilidade social.

O actual Observatorio galego da responsabilidade social integrarase no Consello Galego de Responsabilidade Social, e actuará como órgano de información e consulta en materia de responsabilidade social no territorio da comunidade autónoma de Galicia, de acordo ao establecido no artigo 28 desta lei.

Disposición derogatoria. Derrogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á esta lei.



Grupo Parlamentario

Disposición derradeira primeira. Desenvolvemento normativo

1.- Habilítase á Xunta de Galicia para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do establecido nesta lei.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2.- No prazo máximo de seis meses a Xunta de Galicia aprobará o regulamento de desenvolvemento desta lei.

3.- No prazo máximo de oito meses, constituirase o Consello Galego de Responsabilidade Social.

4.- A Xunta de Galicia procederá a modificar o *Decreto 156/2014, do 4 de decembro, polo que se institúen os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia* para adaptalo ás disposicións desta lei.

5.- A Xunta de Galicia aprobará no prazo máximo de un ano, o Plan Galego de Responsabilidade Social de acordo co regulado no artigo 17 desta lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Pazo do Parlamento, 17 de outubro de 2018

Grupo Parlamentario

ANTECEDENTES

– Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sostible.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Real decreto 221/2008, do 15 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Estatal de Responsabilidade Social das Empresas.

- Orde ESS/1554/2016, do 29 de setembro, pola que se regula o procedemento para o rexistro e publicación das memorias de responsabilidade social e de sostibilidade das empresas, organizacións e administracións públicas.
- Real Decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
- Libro Verde. Fomentar un marco europeo para a responsabilidade social das empresas. 2001. Comisión das Comunidades Europeas
- Axenda Social Europea aprobada polo Consello Europeo de Niza do 7, 8 e 9 de decembro de 2000 (2001/C 157/02)
- Comunicación da Comisión relativa á Responsabilidade Social Empresarial, Unha contribución empresarial ao desenvolvemento Sostible, Bruselas, 2 de xullo de 2002
- Comunicación da Comisión ao Parlamento Europeo, ao Consello e ao Comité Económico e Social Europeo para poñer en práctica a Asociación para o crecemento e o emprego Facer de Europa un polo de excelencia da Responsabilidade Social das Empresas
- Comunicación da Comisión Europea sobre “Estrategia renovada da UE para 2011-2014 sobre a responsabilidade social das empresas”, do 25 de outubro de 2011.
- Resolución do Parlamento Europeo, do 13 de marzo de 2007, sobre a responsabilidade social das empresas.
- Lei 15/2010, de 9 de decembro, de responsabilidade social empresarial en Extremadura.
- Lei 18/2018, do 13 de xullo, da Generalitat, para o fomento da responsabilidade social. (Comunidade Valenciana).
- Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia.
- Decreto 156/2014, do 4 de decembro. Institúe os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia.



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2018 11:27:45

Partido dos
Socialistas
de Galicia



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envío: 18/10/2018 10:54:40.192

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto no artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En novembro de 2011 o Parlamento aprobou a Lei 9/2011, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza. Este texto normativo introduciu importantes mudanzas no modelo empresarial e de xestión da Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza (CRTVG). Porén, transcorridos sete anos desde a súa entrada en vigor son múltiples os incumprimentos do novo marco regulador dese medio público de comunicación.

A dirección da CRTVG leva adiando sen razón algunha durante anos a aprobación do Estatuto profesional (artigo 36.1) e a creación do Consello de informativos (artigo 36.2) así como, a sinatura do primeiro Contrato programa (artigo 33).

Porén, de entre todos os incumprimentos, un dos máis gravosos para o correcto funcionamento da Corporación é o mantemento da Dirección Xeral en mans dunha persoa que foi elixida por un procedemento alleo ao disposto na lexislación vixente que vincula o cargo co apoio de $\frac{2}{3}$ do Parlamento.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre lembrar que o actual director xeral, Don Alfonso Sánchez Izquierdo, foi nomeado polo presidente da Xunta de Galiza en 2009 e prorrogado, *sine die*, a través dunha modificación incorporada na Lei de medidas fiscais e administrativas que acompañaba os Orzamentos de 2015.

Desde o mes de maio de 2018, traballadoras e traballadores da CRTVG veñen reclamando o cumprimento da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza, o cesamento do control e manipulación informativa así como a incorporación de mudanzas que blinden a profesionalidade, obxectividade, neutralidade e pluralidade informativas.

Desde o Grupo parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que para asegurar o dereito a que todas as persoas de Galiza dispoñan dun sistema audiovisual que reflicta a realidade inmediata con obxectividade e imparcialidade é preciso desvincular a designación da Dirección Xeral do Goberno galego e promover a selección dos membros do Consello de Administración nun concurso público e así reforzar a súa independencia e o desenvolvemento da misión de servizo público baixo criterios de estrita profesionalidade. Ademais, o respecto e plasmación das demandas do cadro de persoal, que exixen o fin da manipulación informativa e o desenvolvemento dos órganos de participación profesional na Corporación, obrigan non só por un cambio de nomes, senón pola introdución de reformas estruturais na actual lexislación, a comezar pola escolla das persoas que asumen a dirección da CRTVG a través dun concurso público.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo parlamentar do BNG formula a seguinte Proposición de Lei:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envío: 18/10/2018 10:54:40.192

Artigo Único. Modificación da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Modifícanse os seguintes artigos da Lei 9/2011, do 9 de novembro de 2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Un. Modificación do artigo 14 que fica redactado da seguinte maneira:

“1. Os membros do consello de administración son designados polo Parlamento de Galicia, logo da súa selección a través do procedemento previsto nesta Lei e das súas normas de desenvolvemento.

2. A xunta xeral de accionistas nomeará os membros do consello de administración designados polo Parlamento de Galiza.

3. A selección das persoas que integran o consello de administración da CRTVG será efectuada a través dun concurso público a través do procedemento determinado pola presente lei.

4. As persoas que se candidataren para ser membros do Consello de Administración han de contar con acreditada experiencia profesional e recoñecido prestixio no eido da comunicación.

5. As vacantes serán cubertas na forma que determina o punto primeiro. O mandato dos novos conselleiros terá unha duración equivalente ao tempo que lles quedase de mandato aos membros aos que substitúen.”



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dous. Modificación do artigo 15 que fica redactado da seguinte maneira:

“Artigo 15. Normas básicas para os procesos de selección do Consello Administración.

1. Antes de que expire o mandato do Consello de Administración será convocado un concurso público para a selección dos seus membros, ao que poderán optar todas aquelas persoas que reúnan as condicións de idoneidade, capacitación e prestixio profesional que se establezan na convocatoria.

2. A convocatoria será efectuada polo Pleno do Parlamento de Galiza, que aprobará as Bases do Concurso e definirá os requisitos, méritos e capacitación que deberán acreditar as persoas candidatas.

3. Así mesmo, designará xunto coa aprobación da convocatoria un Comité de Expertos composto por persoas de recoñecida competencia e experiencia profesionais acreditadas no eido da comunicación superior a 10 anos, respectando o equilibrio de xénero.

A designación farase a proposta dos Grupos Parlamentares e serán nomeadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a 3 quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza.

Aos efectos de efectuar a proposta, por un prazo mínimo de dez días, darase publicidade na web do Parlamento para que os sindicatos, entidades profesionais e asociativas no eido da comunicación acheguen propostas de expertos para formaren parte de dita Comisión.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. O Comité de Expertos efectuará unha valoración fundada das persoas que concorran no concurso público, e elevará unha proposta á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, indicando ademais a persoa idónea para ser designada Directora ou Director Xeral.

5. Os informes de avaliación serán públicos e remitidos á Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG, que recibirá en audiencia aos candidatos e candidatas para verificar a idoneidade en relación cos méritos e capacidades que foran validados polo Comité de Expertos.

6. A Comisión Permanente de Control da Corporación da RTVG elevará a proposta da selección ao Pleno do Parlamento de Galiza para aprobar, por maioría de dous terzos, o nomeamento dos membros do consello de administración e o seu Director u Directora Xeral.”

Tres. O apartado 2 do artigo 23 que fica redactado da seguinte maneira:

“2. A directora ou director xeral é elixido por concurso público no marco do procedemento determinado pola presente lei para o consello de administración.”

Catro. Modificación da disposición transitoria cuarta que fica redactada da seguinte maneira:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Disposición transitoria cuarta. Elección dos cargos da Corporación Radio e Televisión de Galiza

1. O Parlamento de Galiza aprobará en sesión plenaria, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, a normativa que rexe a selección dos membros do Consello de Administración e a directora ou director xeral da Corporación da Radio e Televisión de Galiza por concurso público coa participación dun Comité de persoas expertas.

O Comité de persoas expertas estará composto por persoas de recoñecida competencia profesional, docente ou investigadora do ámbito da comunicación e con experiencia acreditada, respectando a presenza equilibrada entre mulleres e homes.

As persoas que integran este Comité serán nomeadas na mesma sesión plenaria a proposta dos Grupos Parlamentares e serán designadas as persoas que fosen propostas ou aceptadas, polo menos, por tres grupos parlamentares ou por aqueles que representen a 3 quintas partes dos deputados e deputadas do Parlamento de Galiza, de acordo coa normativa de desenvolvemento desta disposición que aprobe o pleno do Parlamento.

No caso de renuncia por parte dalgunha das persoas designadas, o Comité constituirase con aquelas que aceptaran o nomeamento.

Este Comité fará públicos os seus informes de avaliación das distintas candidaturas que se presenten e serán remitidos á Comisión competente para a correspondente audiencia das candidaturas.

2. Após escoitar as candidaturas na Comisión permanente non legislativa de control da CRTVG e previa remisión do informe final ao Parlamento, a Cámara, en sesión plenaria e por maioría de $\frac{2}{3}$, nomeará as persoas candidatas seleccionadas.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envío: 18/10/2018 10:54:40.192

Cinco. Disposición derradeira primeira.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galiza.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envío: 18/10/2018 10:54:40.192

ANTECEDENTES LEXISLATIVOS

-Constitución Española

-Estatuto de Autonomía de Galiza

-Lei 9/2011, do 9 de novembro, de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza

-Lei 13/2015, do 24 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (disposición final cuarta, que dá nova redacción á disposición transitoria terceira da Lei 9/2011)

-Lei 9/1984, do 11 xullo, de creación da compañía de radiotelevisión de Galiza

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 10:54
Nº Rexistro: 39019
Data envío: 18/10/2018 10:54:40.192

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 10:53:41

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 10:53:52

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 10:53:55

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 10:53:57

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 10:53:58

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 10:54:03

Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente do Conselleiro de Industria en Pleno**, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Ana Belén Pontón Mondelo



Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 17/10/2018 12:52:45

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2018 13:42:50

Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2018 13:49:31



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 148 do Regulamento da Cámara, a comparecencia urxente, ante o Pleno a petición propia, do conselleiro de Economía Emprego e Industria para informar "sobre a situación de Alcoa e as accións levadas a cabo polo Goberno galego en defensa dos empregos".

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Presidente do Parlamento de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Os **grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia** e do **Bloque Nacionalista Galego**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que se proceda á tramitación de **comparecencia urxente do Conselleiro de Industria na Comisión 6ª**, diante da confirmación do peche de Alcoa Coruña.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018

Asdo.: Luís Villares Naveira

Portavoz do G.P. de En Marea

Xoaquín Fernández Leiceaga

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:




Luis Villares Naveira na data 17/10/2018 12:52:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/10/2018 13:42:36

Ana Pontón Mondelo na data 17/10/2018 13:49:22



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



Trasládolle escrito do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia no que solicita comparecer perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Copias: Dirección Xeral
Data e hora: 17/10/2018 14:46:25

Verificación: <https://sede.xunta.gal/ve>





CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tf: 981 543 640
info@crtvg.es www.crtvg.gal

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

17 OUT. 2018

Núm. 38956

CRTVG CORPORAÇÃO RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Dirección Xeral

Entrada n.º _____ saída n.º 059
Data 17-OUT-2018

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

17 OUT. 2018
ENTRADA
Num. 626

SOLICITUDE DE COMPARENCIA

Por medio da presente solicito a comparencia diante da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, ao abeiro do artigo 48 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, para trasladarlle informe sobre a situación de transformación técnica actual e perspectivas estratéxicas da CRTVG.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2018.

O Director Xeral da
Corporación Radio e Televisión de Galicia



CRTVG CORPORAÇÃO RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Dirección Xeral

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIONES PÚBLICAS E XUSTIZA.**

Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. - NIF: A152723049

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Tel. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727